



<u>Acta número:</u> 14	<u>Pleno do Concello</u>	
<u>Data da sesión:</u> 19.12.2013	<u>Carácter:</u> Ordinaria	<u>Convocatoria:</u> Primeira
<u>Lugar:</u> Teatro Principal.		<u>Hora:</u> 11:09

Asistentes

Presidente/a: D. Miguel Anxo Fernández Lores

D. Xose Cesáreo Mosquera Lorenzo
D^a María do Carme Fouces Díaz
D. Raimundo González Carballo
D. Vicente Garcia Legísima
D^a María Carmen da Silva Méndez
D. Xosé Luis Bara Torres
D. Demetrio Gómez Xunqueira
D^a María do Pilar Comesaña Hermida
D. Miguel Anxo Filgueira Touriño
D. Jacobo Moreira Ferro
D^a María José Rodríguez Teso
D. Ricardo Alfonso Heliodoro Aguilar Argenti
D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo
D^a Beatriz García Riestra
D^a María Biempica Ortiz
D. Pablo Fernández López
D. César Alberto Abal González
D^a Rosa Encarnación Picallo Quiveo
D. Miguel Ángel Meijón Couselo
D^a Eloisa María Nogueira Garrido
D. Antonio Louro Goyanes
D. Agustín Fernández González
D^a Carlota del Carmen Román García

Secretario Xeral do Pleno: D. José Luis Mato Rodríguez

Interventora: D^a Blanca Vega Lorenzo

Non asiste: D^a María dos Anxos Riveiro Portela

Constatada a existencia de quórum bastante para a súa constitución, o Sr. Alcalde-Presidente, declara constituída e aberta a sesión.

ORDE DO DÍA:

A) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR :

1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO

18.11.2013.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria de 18.11.2013, que é aprobado por unanimidade (24) e sen modificación ningunha.

B) PARTE RESOLUTIVA:

2.- ECONOMÍA E FACENDA.- APROBACIÓN INICIAL DOS ORZAMENTOS XERAIS DO CONCELLO PARA O EXERCICIO 2014.

De orde do Sr. Alcalde-Presidente, polo Sr. Secretario dáse conta do ditame favorable, por unanimidade, da Comisión Permanente de Recursos Humanos e Réxime Interior, de data 13.12.2013, emitido sobre o Cadro de Persoal para o ano 2014.

Así mesmo dáse conta do ditame favorable, por maioría (co voto en contra do Partido Popular), da Comisión Permanente de Economía e Facenda, de data 16.12.2013, emitido sobre o proxecto de orzamentos xerais do Concello para o ano 2014, aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión de 10.12.2013.

Aberto o debate o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra a don César Abal González, en representación do grupo municipal do Partido Popular.

O Sr. Abal González: Sr. Alcalde, quería hacer un ruego. Queríamos saber si se pue- de volver a votar en este Pleno las enmiendas al presupuesto que se han presenta- do.

O Sr. Alcalde-Presidente: Sen problema ningún.

O Sr. Abal González: Muchas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Ten a palabra, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Raimundo González Carballo.

O Sr. González Carballo: Bos días, Sr. Alcalde, moitas gracias.

Evidentemente non se trata de facer aquí unha intervención pormenorizada dos or- zamentos do Concello para 2014, senón aqueles elementos ou aquelas cuestións que consideramos máis básicas ou as inspiradoras de estes orzamentos.

Como xa é coñecidos de todos os orzamentos do Concello para 2014 ascenden a 66.073.874,13 €, o cal implica un incremento do 4,84% ao respecto dos orzamentos anteriores do 2012. Ben, como xa se ten manifestado, estamos diante de uns orza- mentos expansivos, cousa que nos diferencia da maioría das administracións e dos Concellos na medida en que están baixando os orzamento con relación a anos ante- riores, nalgúns casos en contías incluso superiores so 20 ou 25% e, no caso do Con- cello de Pontevedra, xusto a dinámica é a contraria, e é a dinámica contraria funda- mentalmente porque apostamos pola actividade económica, pola creación de em- prego e, por iso, se dan estes orzamentos conscientes de que o problema fundamen- tal que afecta aos nosos veciños e veciñas é o desemprego, de aí que os capítulos que se destinan a investimento medren no entorno de un 40% ao respeito do 2012 e se destinen do orde de 8 millóns e medio de euros a estes investimentos.



Agora ben, non só se queda na cuestión dos investimentos senón que existen outra serie de medidas como poden ser a promoción da cidade coas festas, con eventos deportivos, etc., que significan unha aposta importante polos sectores do comercio, da hostelería e outros e, evidentemente, sen esquecer todas aquelas cuestións relativas a información e emprego, tales como obradoiro de emprego, ILES ou becas de emprego con contías importantes nestes orzamentos.

Evidentemente, estes orzamentos non serían posible se respectásemos o teito de gasto. O feito é que sobrepasamos este teito en máis de 8 millóns de euros e é unha cuestión, é algo feito de maneira consciente, xa que do contrario non habería capítulo de investimentos aínda que, como teño dito publicamente, neste concello nunca se gasta o que non se ten, é dicir, evidentemente adaptándonos aos ingresos que temos, nunca máis, esa é a situación real.

Estes orzamentos expansivos tamén hai outros elementos que é necesario destacar xa que diminúen os xuros e diminúen as amortizacións, os xuros nun 24% e as amortizacións de préstamos nun 17, fronte ao Estado, fronte á Xunta, que o capítulo fundamental dos seus orzamentos son a débeda, no Concello de Pontevedra a débeda ocupa o último lugar dentro dos capítulos orzamentarios. Isto é posible, primeiro, porque somos o segundo concello capital de provincia menos endebedado do Estado español, temos un aforro bruto de 8.470.000 €, temos un aforro neto de 5.383.000 €, con este aforro neto que temos nos permite financiar os dous terzos dos investimentos, e traducido á débeda que temos que é 19 millóns de euros, isto significa o 30%, cando a maioría dos concellos pois incluso moitos deles ou algún deles, perdón, sobrepasa o 110% e, dende logo, o 75% moitísimos. Por tanto, isto que quere dicir?, que aínda en supostos de máxima ou de maior necesidade teríamos, outra cousa é a tramitación, teríamos un marxe de endebedamento de 54 millóns de euros.

Evidentemente, tamén o Concello de Pontevedra, como de todos é coñecido, non ten plan de acredores, estamos pagando en menos de 30 días, etc., o Concello de Pontevedra está pagando case ao contado, é dicir que en moitos casos, unha vez subministrado calquera tipo de material practicamente entre a semana seguinte e dúas semanas se está pagando en moitísimos casos.

Tampouco esquecemos nestes orzamentos áreas fundamentais nesta situación como pode ser a área de benestar social, que se temos en conta as reducións que fai a Xunta de Galicia nas súas transferencias o medre real é do 12,6%.

Estes orzamentos, tamén, en todo caso, dar unhas cifras globais, dicir que o capítulo de persoal se mantén estable, quero dicir que apenas sofre unha lixeira variación á baixa e o capítulo II de gasto corrente, o que si nos sube é un 5,53% pero evidentemente ven derivado este incremento de elementos externos ao Concello, quero dicir que aquí o que medra é aquelas accións ou aqueles elementos nas que desgraciadamente ten intervención o Partido Popular, claro, porque nos sube 525 mil euros en SOGAMA que froito da venda a Unión Fenosa por parte do grupo popular, pero tamén hai que incluír os 450 mil euros que soben os contratos como consecuencia do IVA que se fixo o día 1 de setembro do ano 2012. E tamén hai que ter en conta a suba, que aínda vai a ser máis, como consecuencia da enerxía eléctrica, quero dicir que incluso hoxe o ministro nos sorprende dicindo que vai a subir os peaxes un 2% máis a venda do pool que vai a haber a final de ano pois tamén nos vai a supoñer unha cantidade importante. Quero dicir que estes incrementos teñen moitísimo que ver desafortunadamente o Partido Popular.

En todo caso, dicir que supoñen 29 millóns de euros o capítulo de gasto corrente e xa digo as demais cuestións o ven se diminúen o permanecen estables, non así es-

tas que veñen, digamos, por imperativo legal do goberno da Xunta o do goberno de Madrid.

Evidentemente as transferencias como consecuencia, digamos da promoción da cidade, como pode ser o campionato de Duatlón, ou as becas de emprego soben un 2,59% e, como dicía antes, o capítulo de investimentos son 8.332.000 €, co cal supoñen un incremento importantísimo ao respecto do ano 2012.

Por órganos de funcionamento do Concello o que máis, sube con diferenza, é o destinado ao rural que contabilizando a inversión que se está facendo en abastecemento de auga sube un 110%, pero tamén sube infraestruturas, urbanismo, promoción económica, etc.

E todo isto é posible pese a que diminúen as transferencias da Xunta e pese a que ao respecto de 2013 tamén baixan as transferencias do Estado. É dicir, as da Xunta baixan case 670.000 €, dende a financiación ao Centro de Drogodependentes, dende o fondo de cooperación local e outro tipo de transferencias, etc.; e o Estado tamén baixa da orde de 700 mil euros ao respecto do ano 2013, se ben é certo que ao respecto do ano 2012 se incrementa. De todas maneiras a maioría dos ingresos, o incremento ven dos ingresos propios do Concello, maioritariamente das accións que se teñen posto en marcha de persecución do fraude en temas tan importantes como pode ser o IAE o IBI ou como pode ser a taxa que pagan as empresas monopolistas, de aí que nós persigamos un obxectivo fundamental de equidade fiscal para que paguen todos o que teñen que pagar.

Eu, evidentemente, creo que son uns orzamentos excelentes, tanto é así que o Partido Popular xa lle dou xogo para tres roldas de prensa e resulta que en cada una de elas dixo unha cousa diferente, evidentemente contraditorias, porque podían ser complementarias pero non é o caso, nun lado sae que poñemos moito na construción, por outro lado di que investimos pouco. Polo tanto non da conseguido o Partido Popular ese punto de equilibrio, pois o punto de equilibrio das súas manifestacións está nestes orzamentos que, xa digo, son uns orzamentos excelentes e nas circunstancias nas que estamos, cos elementos que temos é dos orzamentos que máis orgulloso me sinto despois de levar feito uns cantos neste concello.

En todo caso, en relación ás emendas, que supoño que manterá, o Partido Popular, dicir o mesmo que dicía hai un momento, non dan atopado o punto de equilibrio, porque por un lado di nesas emendas que se dedica moito ao sector da construción e, por outro lado, eles propoñen que se incremente aínda máis, porque por un lado piden unhas altas neste sector de 1.621.000 €, pero só reduce 1.155.000 €, co cal incrementa aínda máis. O mesmo é que se critica o teito de gasto por un lado pero piden máis, porque din é insuficiente as inversións que se fan, entón é que pide que incrementemos aínda máis ou que sobrepasemos aínda máis o teito de gasto. Son tan disparatadas as alegacións que presenta o Partido Popular que chega a suprimir contratos en vigor como pode ser a Avenida de Lugo, Santa Clara, ou o contrato cos medios de comunicación, é dicir no propio texto.

Por outro lado, a maioría das alegacións que presentan é para intentar tapar ao seu goberno amigo da Xunta, porque as cousas que solicitan, plan de inclusión social, centro lúdico de A Parda, tema de colexios, tema de sumidoiros, de residuos sólidos urbanos, accesos ao hospital de Monte Carrasco, perdón ao hospital privado de Monte Carrasco, ou polo menos virtual, pois evidentemente son competencias da Xunta e o que non poden vir e a que as asuma o Concello e sen embargo pois están actuando de recadeiros da Xunta; ou baixo un suposto matiz de xerar emprego ao único que se dedican é a solicitar a creación de un chiringuito, que eu pensaba que Feijoo estaba en contra dos chiringuitos pero bueno será que non lle chegou aínda a



orde, e se cargan toda a actividade económica vinculada a festas, vinculada aos medios de comunicación, etc.; por cargarse ata se queren cargas as festas da Peregrina ou a cabalgata das súas maxestades os Reyes Magos de oriente. Por sumar ata suman mal; é curioso porque nunha partida a un número enteiro lle restan un número enteiro, algo aínda me acordo de estas cousas de matemáticas, a 16.400 lle restamos 10.933 e sorpréndase dá fracción, dá 5.466,67 e mira que eu utilicei a calculadora mil veces pois non me deu ese resultado nin louco. Por sumar evidentemente o que suman é as emendas de adición e as de supresión non suman o mesmo, hai 40 mil euros de diferenza, total non é nada e que máis ten.

Despois, unha cousa preocupante pero que evidentemente vostedes transmiten a súa ideoloxía tan supresora de servizos públicos, non, e propoñen explicitamente a privatización do servizo de alumeado público, así se pode ver nunha das súas emendas.

Ben, é tal o dislate e o paroxismo que na última páxina que se queren vótolles a favor, piden que se suprima o mesmo que se incremente, é dicir se poñen ao mellor, plan de inclusión social, incrementar 150 mil euros, e no de decrementar din, plan de inclusión social, restar 150 mil euros, ou sexa piden que se incremente o mesmo que se diminúe o cal supoño que foi un erro de recorta e pega, pero polo menos antes de entregar un papel compróbeno.

En definitiva, son unhas emendas que, como dicía antes, non dan topado o seu punto de equilibrio e o único que lle recomendo é que voten a favor de estes orzamentos, que son, como dicía antes, uns grandes orzamentos, son uns excelentes orzamentos, son os orzamentos que necesita o Concello de Pontevedra en estes momentos.

Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. González Carballo.

Ten a palabra don Agustín Fernández González, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

O Sr. Fernández González: Moitas gracias, Sr. Alcalde, bos días.

Cando un se pon a elaborar un orzamento pois sempre caben moitas posibilidades porque sempre hai variables e seguro que cada un de nós faría un documento distinto. O certo é que nos tempos actuais non é doado facer un orzamento e dar resposta a todas as necesidades dos cidadáns e ás que van xurdindo ao longo do ano. Sobre todo porque non se ten ningunha colaboración por parte do resto das administracións, estamos absolutamente solos na defensa dos dereitos dos cidadáns, e iso é un elemento que tivemos en conta e hai que ter en conta en canto se fan estes presupostos e se analizan estes presupostos. Estamos tan solos que incluso temos que atender responsabilidades que son competencia de outras administracións que decidiron abandonar a defensa das persoas e entregarse ao control do déficit.

O concelleiro de Facenda xa explicou perfectamente o contido dos orzamentos e non vou a ser eu quen intente facelo mellor cá el pero, con respecto aos orzamentos, só quería recalcar un par de ideas básicas, a primeira, importante sen dúbida, é que non se recorta nada, o cal xa é noticia, e se nos fixamos nos orzamentos recentemente aprobados pola Xunta de Galicia ou polo Estado. O goberno de Pontevedra tomou unha decisión importante, que entendemos que é moi importante para os cidadáns que é preocuparse por eles, de aí que vexamos como a carga impositiva practica-

mente mantense e ao mesmo tempo somos quen de seguir prestando os mesmos servizos e as mesmas atencións.

E outra idea importante que recorre todo este orzamento é a necesidade de axudas a reactivar a economía local, todo un paquete de medidas e toda unha declaración de intencións, en cada unha das concellerías. A idea básica de este orzamento é axudar na medida das nosas posibilidades a superar a crise con accións positivas que cheguen de unha forma directa aos cidadáns, iso no que se refire aos orzamentos.

Comentario aparte creo que merecen as emendas presentadas polo Partido Popular, nas que prefiro meterme un pouquiño máis. A verdade é que así na primeira impresión a idea que ten un e que para levar queixándose, como se levan queixando, de que non facemos orzamentos, cando os facemos moito non se esmeran coas emendas, deben ser que non os facemos tan mal; a segunda impresión, é que parece que non teñen un criterio claro para marcar o rumbo de este Concello e van así un pouco á buena de Díos. O que si hai é un intento de levar a contraria, teñen vostedes a equivocada impresión de que facer oposición é levar a contraria sempre e iso lévaos a unha situación de enorme contradición e incluso coa xestión que fan con seus compañeiros noutras esferas das administracións, polo tanto nós xa anunciamos que nós non podemos apoiar as emendas presentadas polo Partido Popular, porque as nosas discrepancias comezan xa incluso na introdución do documento, cando vostedes critican ao sector da construción e lle negan o papel de dinamizador da economía local, e non vou a ser eu aquí o que mostre un gran entusiasmo polo ladrillo, pero chama a atención, tómeo con ironía, que concelleiros que compartiron a lista electoral con Telmo Martín reneguen agora do papel dinamizador da construción, chama a atención.

Tamén chama a atención a insistencia sobre as dedicacións exclusivas, porque tamén aí o grupo municipal do Partido Popular entra en contradicións bastante visibles. En primeiro lugar, contradícese co Sr. Montoro, autor da proposta esta de reforma da Administración local, na que fixa salarios tope para alcaldes e concelleiros moi por enriba dos que se perciben en Pontevedra, e tamén determina o número de dedicacións exclusivas, mínimas ou máximas e Pontevedra queda por debaixo desas propostas do seu goberno. Para ser coherente pedindo a baixada de soldos deberían empezar por aquelas administracións onde vostedes gobernan, nomeadamente a Deputación Provincial, e aí podería tamén unha rebaixa de soldos de dona Isabel Vázquez, por exemplo. O tema é que seguen vostedes, o Sr. Moreira metendo nun fregado do que vai a saír mal, porque todos os seus compañeiros saben que vostede foi o que creou un problema gratuito e iso vai a pasarlle factura, pasoulle factura, séguelle pasando factura e non parece que teña vostede intención de asumir o seu erro.

Piden tamén vostedes un plan de emprego de un millón de euros, nun exemplo de demagogia ou de contido real dos orzamentos que aquí se presentan, vostedes deberían saber que a reactivación da economía ou a reactivación do emprego non é necesario facela dende unha única partida dentro de un orzamento, que é moito máis operativo darlle sentido aos orzamentos creando partidas en todas as concellerías que axuden a reactivar a economía local, traballar na activación da economía dende múltiples partidas e diferentes concellerías.

En todo caso e para o seu coñecemento, porque vexo que descoñecen, o grupo socialistas impulsou durante este mesmo ano un plan de emprego, froito dos remanentes propios da Consellería de Promoción Económica, que permitiu poñer en marcha becas laborais para prácticas en empresas a 77 parados pontevedreses, moi pouco despois de esta acción a Deputación Provincial imitou o noso modelo, primeiro se



decantou por becas en prácticas nos concellos da provincia e logo a Deputación montou un plan de emprego para prácticas directas en empresas, cando nos imitan acertan, cando nos imitan acertan, dona Isabel.

Nos orzamentos do 2013 hai bo número de actuacións destinadas á promoción do emprego e á loita contra o paro, así por exemplo hai un plan de emprego municipal para prácticas en empresas, cunha primeira partida que logo poderá ser suplementada ao longo do ano se as necesidades así o requiren, máis de cen parados, elixidos de xeito transparente a través das listaxes do servizo galego de colocación, poderán beneficiarse del. Hai un proxecto de formación e inserción laboral que é o ILES do que vimos de acadar precisamente unha prórroga de seis meses e que acollerá ao longo de toda a súa vixencia preto de 500 persoas con un índice de inserción superior ao 50%. Hai un obradoiro de emprego en Monte Porreiro no que xa están acollidos 30 alumnos en dous módulos de dinamización turística e dinamización comercial. Hai un viveiro de empresas en Santa Clara; hai unha feira como Ponteemprego que este ano coñecerá xa a súa terceira edición; hai un plan de cooperación coa contratación de cinco traballadores para reforzar os servizos municipais e a solicitude de subvención á Xunta para a contratación de outras sete persoas entre o colectivo de mulleres vítimas de violencia. Hai tamén convenios de colaboración que se firman con diferentes asociacións, AEMPE, Xóvenes Empresarios, Centro Comercial Urbano Zona Monumental, hai acordos coa Cámara de Comercio, sen esquecer os cursos de xestión de negocios e promoción comercial a través das redes sociais ou outro tipo de actividades como Ponte de Tapas que tanto éxito tivo hai uns días.

O gasto municipal só en actividades que desenvolve a concellería de Promoción Económica no combate directo contra o paro, suma do entorno dos 600 mil euros, e a iso hai que añadir toda a estratexia de activación económica que supón a realización de obras urbanas na cidade ou mesmo a celebración de eventos deportivos que supoño que coincidiremos todos en que son un elemento moi beneficioso para os sectores, comercial, hoteleiro e hosteleiro da cidade. Polo tanto como ven vostedes o Concello non está precisamente parado e é, sen dúbida, un motor de primerísima magnitude na activación da economía local.

Falan vostedes tamén da zona verde de Pasarón e a verdade e que debería darlles, a pronunciación só da palabra Pasarón, debería darlles algo de vergoña, despois de un escándalo de un campo de Fútbol que custa máis do dobre do licitado e que parece inacabado, debería ter coidado cando pronuncian a palabra Pasarón e, en todo caso, deberían dar, quen ten que dar, todas as explicacións necesarias para aclarar iso e logo podemos falar da zona verde de Pasarón.

Falan vostedes tamén do equipo de inclusión social e bueno esta emenda é a proba de que vostedes viven nunha especie de universo paralelo, absolutamente alleos á realidade que vos rodea, e cuestións como esta fan que non se lles poda tomar en serio, porque a ver vostedes actúan aquí con esta emenda como puros manporreros do goberno da Xunta do Partido Popular, porque foi o goberno da Xunta do Partido Popular quen eliminou a subvención que permitía manter este servizo, así que agora por quedar ben cos seus non veñan vostedes aquí a enturbiar pero farían ben vostedes en preocuparse que os seus compañeiros do Partido Popular da Xunta de Galicia, puxeran os cartos que teñen que poñer nos orzamentos para poder manter ese equipo, iso si que sería traballar por Pontevedra e non presentar estas emendas absolutamente descabezadas.

Falan vostedes tamén de campos de fútbol, nomeadamente falan do campo de fútbol de Salcedo, e a verdade e que aí se luciron vostedes bastante, eu non vou a dicir que o Sr. Louzán enganou a os veciños de Salcedo, xa o dirán os veciños de Salce-

do no seu momento, o que si é que se lle prometeu un campo de herba sintética nos terreos que a Deputación tiña cedidos a Misión Biolóxica, e foi unha oferta que se fixo en pre campaña electoral, que está colgada na páxina web da Sociedade Cultural Deportiva Salcedo e foi unha promesa do Partido Popular, que logo, evidentemente, non foi quen de cumprir. Faino tan mal que a concellería de deportes comprométese a achegar os 125 mil euros que pide o Partido Popular para o campo de fútbol de Salcedo, ao día seguinte de que Louzán se comprometa por escrito a poñer o resto, ao día seguinte, porque claro a un ritmo de 125 mil euros ao ano en orzamento para facer o campo de Salcedo, tardaríamos 10 anos segundo o proxecto da Deputación Provincial, porque o campo de fútbol de Salcedo custa 1.200.000 euros. Polo tanto, falen entre vostedes, que dona Ana Isabel sabeo ben, póñanse de acordo porque senón poden quedar mal, senón o que fan e o ridículo e falo do proxecto presentado pola Deputación Provincial coa Sociedade Cultural Deportiva Salcedo, no cal o Concello de Pontevedra e a concellería de deportes non tivo nada que ver.

Falan tamén vostedes nas súas emendas da reparación, mantemento e conservación dos colexios, e hai que establecer que a obriga legal do Concello, limitase a iso, reparación, mantemento e conservación dos colexios e eu teño que dicir, con certo orgullo, que os colexios de Pontevedra, están entre os mellor atendidos de Galicia, non é porque o diga eu, que tamén o digo, senón porque así o din os propios pais e nais de alumnos e os propios centros directivos de cada colexio. O concello ten feito ao longo destes anos un investimento moi importante nos colexios de Pontevedra, o que se materializa en melloras continuas, ata o punto de que, como dicía, tanto os directivos dos colexios como as ANPAS son conscientes de que o Concello é a única administración á que poden recorrer cando teñen problemas, temos construído pavillóns, temos acondicionado comedores escolares, construídos baños, substituídos falsos teitos completos, mentres a Consellería de Educación miraba para outro lado.

E despois de toda esta sequia que supuxo a chegada do Partido Popular á Xunta de Galicia, a única obra que contrataron, tarde e bastante mal por certo é a do colexio Froebel, unha obra que xa tiña que estar concluída hai anos. De esta disparidade xa demos conta non hai moito tempo, baseándonos na información oficial que ofrece o Parlamento de Galicia, e informamos da comparativa do que supuxo a nosa inversión durante os anos 2011-2012 nos que investimos 1.228.768 euros, mentres que a consellería quedouse en 689.480 euros, e se quitamos Froebel, no resto de todos os colexios 77 mil euros, para todos os demais colexios. Este ano 2013 o gasto da concellería de Educación volve a roldar os 600 mil euros, están vostedes pedindo moito menos daquelo que nós estamos dispostos a gastar.

Faltan tamén vostedes de sumidoiros, será porque non se enteran de que a Xunta de Galicia rompe os convenios de saneamento que ten co Concello de Pontevedra e minte descaradamente cando se trata de executar a obra do colector do río dos Gafos. Aquí hai que lembrar que cando gobernaban outros se fixo un esforzo enorme, enorme, para dotar do saneamento a todo o rural do Concello de Pontevedra, e ese esforzo quedou parado cando chegou a gobernar o Partido Popular e así está a cousa. Entón eu lles recomendo que destes temas falen tamén entre vostedes e falen cos seus compañeiros do goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia, porque se alguén ten algunha responsabilidade é o goberno da Xunta Popular.

Polo tanto, poderíamos seguir repasando as emendas do Partido Popular pero en todas tería que reiterar esta situación de certo desnortamento que se produce en todas elas e tampouco quero alargarme moito máis. Creo que as emendas do Partido Popular non teñen pés nin cabeza, creo que o orzamento de Pontevedra é un orzamento pensado, reflexionado e cheo de sensatez, que vai a valer para reactivar a economía de Pontevedra, para axudar aos cidadáns de Pontevedra que é o noso



obxectivo. Polo tanto, eu invítolles a reflexionar sobre o seu voto e a votar por e para Pontevedra a favor dos orzamentos que hoxe presentamos.

Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Fernández.

En representación do grupo municipal do Partido Popular, ten a palabra don César Alberto Abal González.

O Sr. Abal González: Gracias, Sr. Alcalde. Buenos días a todos.

Sr. Tino, sigue usted en campaña, parece ser, no sé si da cuenta en el punto en el que estamos, estamos hablando de los presupuestos municipales del Concello de Pontevedra, no estamos hablando de ninguna otra administración, ustedes siguen en campaña, no le ha servido salir reelegido, perdón, elegido, presidente del PSOE de Pontevedra, que debe estar haciendo números para poder ser candidato en las próximas elecciones, no tengo nada más que decirle sobre su intervención, quiero centrarme en el concejal de Economía e Facenda que es el competente en estos casos.

Primeramente, va a tener oportunidad, en la segunda intervención que realice voy a desglosar una por una todas las enmiendas que hemos realizado, simplemente decir que si hubiera algún error en la suma o en la resta, no se estarían dictaminando en este pleno ya que la ley así lo exige, o sea que bueno hay de esa cosa.

Quiero valorar los presupuestos que traen a este pleno con 65 días de retraso, la obligación legal era traerlos antes del 15 de octubre y ustedes los traen hoy que es 19 de diciembre, fruto de este retraso estamos con una urgencia imperiosa de aprobar un documento para evitar la parálisis del Concello, ya que si tenemos otra prórroga sería inaceptable por cualquier organismo en cuya tutela nos encontramos, gracias a su brillante gestión, Sr. González, que nos ha llevado en los dos últimos años a tener un plan económico-financiero.

El documento que nos traen hoy aquí es una oda a la hipocresía y si fuese presentado en tiempo y forma, tal y como establece la ley, hubiera sido necesaria su remisión para su correcta realización; la memoria que firman ustedes es para enseñar en escuelas de economía pero como ejemplo de cómo crear paro en una ciudad, criticar las consecuencias de las políticas especulativas, de eso que ustedes llaman neoliberalismo y ligar la recuperación económica al sector de la construcción, esto da para un cum laude, en cualquier universidad de prestigio económico en el mundo, parece que no aprendimos nada del pasado, esta ciudad ya tuvo dos planes "E" con la marca ZP, esos planes "E" que contaban con el apoyo del BNG todos y cada uno, a cambio de que, a cambio de nada, a cambio de nada para Galicia, bueno si para los pactos de gobierno que permite que ustedes, que han perdido las elecciones, estén ahí sentados gobernando, esos planes ZP dieron 23 millones de euros a Pontevedra, a cambio de qué, a cambio de tener el record de parao, 10.400 pontevedreses en paro, 23 millones de euros se dedicaron al sector de la construcción, señores.

Quiero recordar que este mismo partido trajo a este pleno la necesidad de destinar, en uno de esos planes, 5 millones de euros para la creación en Pontevedra de un centro científico tecnológico vinculado a la universidad, ustedes dijeron que no. Éramos y seguimos siendo la única ciudad de Galicia que carece de un centro especializado en investigación, por citar alguno simplemente, centro tecnológico de Narón, centro de apoyo tecnológico científico de Lugo, o el campus de vida de Santiago, que recientemente ha sido reconocido como un campus de la excelencia internacional y

que le reporta ayudas de 8 millones de euros. De la universidad y de los posibles beneficios para la ciudad creo que es mejor no hablar, porque daría para un capítulo entero su nefasta gestión en todo lo que rodea, puedo hablar de los terrenos de Tafi-sa de su uso inmobiliario y no universitario, la pérdida de la faculta de turismo en fa-vor de Ourense o el fallido convenio de Bellas Artes, mejor no me extendo en este tema.

Podía también extenderme mencionando los efectos nocivos del sector de la cons-trucción a través del dinero público, pero no lo voy a hacer porque considero a todo el mundo lo suficientemente enterado de sus efectos multiplicadores del paro, a todo el mundo menos a ustedes que parece que viven obsesionados con el ladrillo, sin detenerse a observar todas las potencialidades que la privilegiada posesión de nues-tra ciudad puede ofrecer.

Mire, Sr. González, este documento que trae hoy usted aquí carece del más mínimo rigor económico y jurídico contable, podría decirle desastre o que no sabe hacer nú-meros, esas cosas que usted da en los titulares de prensa, en los que una persona cuando se queda así sin argumentos con los que defender el documento más impor-tante del municipio, pero no lo voy a hacer, ni voy a utilizar la palabra mamporrero que ha utilizado el Sr. Agustín Fernández, sabía que algún día me tocaría ser insulta-do en este pleno, le doy la enhorabuena, usted ha sido el primero, Sr . Agustín, siga por ese camino así les va muy bien y en las próximas elecciones tendrán un concejal o ninguno, yo seré educado que es lo que exigen los ciudadanos.

Este presupuesto incumple una de las normas más básicas del plan general de con-tabilidad, uno de los principios contables obligatorios contenido en el código de co-mercio, el principio de prudencia, esto es de primero de carrera, de primero de EGB, traer un documento que no incluye dotaciones presupuestarias para los litigios ac-tualmente en curso de este concello como son la expropiación de los terrenos anexos al río de los Gafos; el convenio urbanístico tramitado a instancia de construc-ciones y obras Véteris; o la deuda con SOGAMA derivada de la sentencia del tribu-nal de justicia, es jugar a la ruleta rusa con el dinero de todos los pontevedreses. La sentencia de SOGAMA debido únicamente a su responsabilidad, Sr. González, está ya muy cerca de materializarse y usted siga haciendo la táctica del avestruz, la de esconder la cabeza en un agujero con la esperanza de que este marrón se lo coma otro gobierno, exactamente igual que lo que hicieron cuando aprobaban una y otra vez los presupuestos de ZP a cambio de nada para Galicia; es verdad, me olvidaba, a cambio de que ustedes estén ahí sentados, a cambio de repartirse concejalías, al-caldías, pero para Galicia no consiguieron ni una inversión.

Este documento está en el límite de la legalidad, toda vez que acaba de decirme us-ted mismo que no va a cumplir el techo de gasto, que lo va a romper. Estas dos últi-mas cuestiones que acabo de enumerar tienen la entidad y fuerzas suficiente para que este grupo hubiera presentado una enmienda a la totalidad, pero a pesar de todo ello decidimos que lo mejor para Pontevedra era intentar mejorarlos en la medida de lo posible, nos ofrecimos desde un principio a ayudarles en su elaboración, tuvimos una primera comisión allá por el mes de septiembre, este mismo grupo fue su prime-ra pregunta por los presupuestos y la disposición a poder colaborar en ellos, a pesar de sus reiteradas omisiones, de sus ruedas de prensa dando datos que nos eran negados sistemáticamente a la oposición, decidimos que lo mejor era seguir siendo constructivos y evitar mensajes a través de la prensa. A pesar de ello, este documen-tos que le voy a entregar a la prensa es un ruego de nuestro grupo, fechado el 22 de noviembre, donde le pedíamos que por favor nos dejaran acceder a los datos del borrador, para poder hacer nuestra aportaciones en él y buscar soluciones a los pro-blemas de los pontevedreses. No quisimos hacer política con esto, queríamos poder



ayudar, poder trabajar, ustedes nos lo negaron sistemáticamente, nos dieron el plazo mínimo legal, tres días, cuando ustedes tuvieron dos años para ponerse de acuerdo nos dieron tres días. A pesar de todo ello presentamos en un tiempo record 55 enmiendas que afectan a más de 3 millones de euros de sus presupuestos porque pensamos que era mejor intentar mejorarlos, era nuestra responsabilidad.

Vamos a hablar un poco del presupuesto, el artículo 30 de la Ley orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestas y Sostenibilidad Financiera, establece la obligación de tres medidas de consolidación fiscal de obligado cumplimiento para todas las administraciones públicas, eliminación del déficit, reducción de la deuda y la regla de gasto. Sabemos que no hay eliminación del déficit porque vamos a tener un plan económico financiero prorrogado, vamos a incumplir la regla de gasto y la reducción de la deuda la establecen ustedes en el mínimo, le encanta hablar de la deuda, pasamos simplemente de 24,5 millones de euros de deuda a algo más de 23, a este ritmo de amortización de deuda, Sr. González, tardaría este Concello 16 años en liquidar la deuda total del Concello de Pontevedra.

Las medidas excepcionales del Ministerio de Hacienda, que antes mencionaba, tenían dos objetivos, uno, evitar la quiebra de los concellos más endeudados y, la segunda, sanear las cuentas del resto. Con ese objetivo se prorrogó la subida del IBI en el año 2014 y que supone para este Concello nada más y nada menos que unos ingresos adicionales de 2.150.000 € y las transferencias del Estado han aumentado en 1.270.000 €, es decir un incremento de casi 3,5 millones de euros del que otros años no vamos a disponer y ustedes lo utilizan para paliar la brutal subida del gasto corriente, que es más de 1,5 millones de euros y destinan el montante resultante al sector de la construcción, mientras tanto este Concello se mueve entre 600 mil y 1 millón de euros que pagamos cada años de intereses, me gustaría saber, que es lo que debe hacer un buen concejal de economía, tener un plan quinquenal y me gustaría saber cuál es el escenario que usted vislumbra para esta ciudad en el año 2015, Sr. González. En Vigo, por ejemplo el PSOE, ha aprovechado estos incrementos del Estado para amortizar su deuda en 16,7 millones de euros sólo en un año, lo que le ha permitido, en palabra del PSOE de Vigo, ahorrar más de un millón de euros sólo en intereses y se ha marcado el objetivo de deuda cero en el año 2016. La Diputación de Pontevedra, que también les encanta hablar de la Diputación, se ha marcado el objetivo deuda cero en el año 2018, ustedes con las cifras en la mano y con el presupuesto que nos traen hoy aquí, nos dejarían con deuda hasta el año 2030, pero es más fácil criticar el neoliberalismo y luego acudir a los mercados financieros para acometer una inversión en el sector de la construcción, mayor ejercicio de hipocresía creo que no se puede encontrar.

Es necesario ocultar todo esto con alocuciones grandilocuentes, Sr. González, como que las enmiendas de la oposición son un despropósito, que no saben sumar y restar y quedarse tan ancho, y dice que tenemos errores en la sumas y restas, ya me dirá en donde, pero yo lo que sí le puedo decir es que ustedes de sumar seguro que no se equivocan nunca, suman incrementos impositivos año tras año, suman tasas, suman impuestos indirectos, un 118% desde que gobiernan, suman dedicaciones exclusivas, suman gasto corriente, suman paro y ahora vienen a sumar ladrillo. Estos presupuestos, Sr. González, son un revival de todos los anteriores, mismas partidas, incremento del gasto corriente, y los ajustes se realizan vía recaudación impositiva e incremento de las transferencias del Estado. Es una nueva oportunidad perdida para la recuperación de Pontevedra, bueno una no, -silencio, por favor, yo he sido respetoso, el Alcalde sabemos de qué pie cojea-. Es una nueva oportunidad, estoy hablando en serio y son unos presupuestos muy importantes, y a ustedes del he trata-

do con respecto, es una nueva oportunidad perdida para la recuperación de Pontevedra, una no, me equivocaba, son dos, porque ya sabemos que con ustedes los presupuestos son bianuales, se hacen sólo los años pares, o sea que de aquí al 2015 no vamos a volver a tener otro, tener la necesidad de destinar más de un millón de euros en publicidad y propaganda es la sensación de que hacen cosas, más ladri- llo. Por cierto, hablando del 2015, el 2015 es probable que tengamos aquí algún con- cejal de Anova y estoy seguro que pensará como nosotros, lo cual es difícil, o cuan- do menos no como ustedes, pensarán que la comunidad de Pontevedra no pasa por la construcción.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Abal.

Ten a palabra o Sr. Fernández.

O Sr. Fernández González: Con todo o respecto do mundo, Sr. Abal, vostede con- funde as campañas electorais coa descrición da realidade e a realidade moléstalle, moléstalle bastante, moléstalle porque vostedes viven na ignorancia ou viven no descoñecemento, non o sei, pero moléstalle que lle digan a realidade.

Vostedes teñen unha obsesión co déficit case enfermiza, nós temos unha obsesión que tamén case é enfermiza, que é a defensa dos intereses dos cidadáns de Ponte- vedra e aí parece que non nos vamos a encontrar, vostedes están empeñados en que todo ten que ser e todo pasa por controlar a deuda, e a nós nos parece que todo pasa por favorecer a vida dos cidadáns de Pontevedra, dúas posturas absolutamen- te antagónicas, absolutamente antagónicas.

A verdade é que non é que fixara vostede moitas aportacións ao que son as súas emendas pero eu quero facer fincapé na contradición na que viven vostedes no gru- po municipal polo menos aquí en Pontevedra e eu estou convencido de que nese grupo municipal hai xente sensata, que debe estar pasando un auténtico bochorno escoitando algunhas cousas utilizadas por vostedes e eu quero pedirilles desculpas polo meu tono e pola miña intervención se é que non é o máis conveniente, pero é que se din cousas que, Sr. Abal, o crédito hai que gañalo con coherencia e vostedes teñen un crédito político en números vermellos.

Saben vostedes cal é a inversión prevista na Xunta de Galicia, na Xunta do PP, para Pontevedra no ano que ven, 0, 0, pero sobre iso non lle coñezo ningunha posición a vostede, non sei que criticara os orzamentos da Xunta de Galicia, por iso. Os orza- mentos do Estado que contemplan, 3 millóns, que xa veñen arrastrados de un orza- mento anterior para unas expropiacións da circunvalación, claro que a ese ritmo igual a circunvalación tardaríamos en facela 80 anos, e eu tampouco lle coñezo a vostede nin a voso grupo, unha posición sobre ese tema e logo ven aquí a achacar- nos que os orzamentos non cumpren con non sei que, que senón axudan á activa- ción económica e iso é un exercicio de incoherencia política, non o tome como unha falta de respecto, é un exercicio de incoherencia política. Vostede ven aquí a esixirlle ao goberno local, a través das súas emendas, que asumamos competencias e res- ponsabilidades que son propias de outras administracións, nomeadamente aquelas administracións gobernadas polo Partido Popular, pero non só iso, esixe que a pesar dos recortes aos que nos somete o Sr. Montoro ocupemos o lugar de esas adminis- tracións. Mire, as políticas activas de emprego, vamos a falar da realidade, non va- mos a facer campaña política, as políticas activas de emprego, estará de acordo co- migo que non son competencia do Concello, son competencia da Xunta de Galicia, nós xa facemos o noso esforzo porque boa parte de este documento de orzamentos está dirixido a mellorar as condicións ou a crear as mellores condicións para a reac-



tivación económica e mentres tanto a Xunta de Galicia, do PP, recorta 101 millóns de euros en políticas activas de emprego e eu non lle coñezo posición a vostede ao respecto, Sr. Abal, chámelo como queira, se cre que estou facendo campaña electoral pois chámelle campaña electoral, pero a realidade é que eu non lle coñezo a vostede nin ao seu grupo unha posición sobre ese tema.

Vostedes son unhas auténticas máquinas de recortar dereitos e partidas orzamentarias, con que crédito van a vir aquí hoxe a pedirnos a nós que non recortemos nada ou que impulsemos actuacións que corresponden a outras administracións, son vostedes os que incrementan as listas de espera nos hospitais, son vostedes os que incrementan o número de alumnos por clase, son vostedes os que eliminan mil docentes na educación pública e logo nos piden a nós maior capacidade inversora en educación. Vostedes recortan un 40% nas subvencións, por exemplo nos proxectos antisida ou un 45% na axuda de cooperación humanitaria e logo veñen a esixirnos a nós que nos fagamos cargo da inclusión social, é dicir, non se dá conta de que isto roza o ridículo. Tamén nos poñen a parir porque actualizamos as taxas e os impostos co IPC e van os gobernos do Partido Popular soben o IVE, pero non é que suban o IVE calquera soben do 4 ao 21%, por exemplo, o IVE do material escolar e eu tampouco lle coñezo posición a vostedes sobre ese asunto, e que acaso vostedes se posicionaron fronte ao seu goberno para dicirlle que iso non se podía facer. Pídenos que nos esforcemos en servizos sociais e o repago, e o copago, e as próteses que hai que pagar, e a retirada de fármacos da financiación pública, home hai que ter un pouco de credibilidade cando se din as cousas e cando se expoñen as cousas; vostedes non son unha illa, vostedes pertencen a unha formación política e teñen que ser coherentes coa súa formación política e se están polos recortes dígaos pero non nos esixa a nós que nos esforcemos máis alá do que podemos mentres vostedes caladiños tragan polos recortes que impón o seu goberno, na Xunta e en Madrid e poderíamos seguir con recortes toda a mañá, pero bueno, vostedes están por dismantelar o estado de benestar e nós estamos por conservalo e melloralo e este é un dos seus problemas que o seu proxecto é dismantelar o estado de benestar, polo tanto por aí non van a chegar moi lonxe porque non se van a encontrar dende logo con nós.

O orzamento do Concello, mal que lles pese a vostedes, é capaz de manter como mínimo, as partidas orzamentarias para dar respostas ás necesidades dos cidadáns, a pesar de que vivimos abandonados pola Xunta de Galicia e polo Goberno Central, e vostedes sigan a recortar, e vostedes sigan a pedirnos a nós que non recortemos, é unha auténtica e absoluta contradición e eu lles recomendo, con humildade e con cariño, que reflexionen, porque por ese camiño nin se fai oposición nin xamais poderán ter vostedes un proxecto para aspirar a algo máis que ser oposición.

Moitas grazas.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sr. Fernández.

Sr. González Carballo, ten a palabra.

O Sr. González Carballo: Creo que están determinadas as posicións perfectamente.

En todo caso, Sr. Abal, sen ningunha acritude e non me o tome a mal, nós aínda non facemos nin as rúas de ladrillo nin os accesos ao Regueiriño, á Gándara ou á Igrexa en Mourente, non os facemos de ladrillo, sinto moito, polo tanto son de outro tipo de materiais.

Despois chócame moitísimo o tema da exclusivas, por un lado manteñen un recurso

para cobrar vostedes máis exclusivas e por outro lado piden que se reduza, chirría un pouquiño que quere que lle diga, polo tanto creo que é contraditorio, como son contraditorias as súas emendas e así se fixo patente na súa intervención. En todo caso, só manifestar que estamos diante duns orzamentos investidores, que apostan pola actividade económica e a actividade económica non é un só sector, eu se quere, Sr. Abal, se quere teño aquí unhas chuletas do multiplicados Keynesiano e se quere llo paso, porque claro a cuestión do investimento non afecta a un só sector na medida en que, pois por exemplo, facemos un acceso pois resulta que iso dinamiza o comercio, dinamiza o sector da hostalería, o sector de materiais de construción, ou o sector digamos do metal tamén, entón hai un efecto multiplicador, non é unha cuestión tan simple, non a simplifique porque é un pouquiño máis complexa, non.

Entón, efectivamente estamos diante de uns orzamentos investidores e iso é innegable, de aí que nos pasemos do teito de gasto e despois o tema da débeda que é fundamental, estamos reducindo e son 19 millóns porque o outro son os atrasos dos exercicios cerrados con déficit, etc., como a gran maioría dos concellos, o que computa son os 19 millóns de euros. Non é unha cousa nova, nós nunca gastamos o que non tiñamos, é dicir a nosa actuación non foi endebedar ao Concello hasta límites insospeitados como fixeron a gran maioría dos concellos do Estado español, a gran maioría, non, nós estamos tendo unha actuación agora máis de investimento ao mellor que noutras onde, digamos, a situación económica era máis boyante pero nunca nos metemos en patacais. Esta maneira de actuar non pense que é nosa só, é unha norma deste Concello, que nos sobrepasa ao grupo de goberno de este momento, que o Concello de Pontevedra nunca se meteu en zarandajas e de aí a boa situación económica, porque o fácil era, xa que podemos ir a endebedamento e daquela claro era o euribor máis cero, pois podíamos dicir veña unha rolda de 50 millóns de euros, nunca fomos a iso, nunca fomos, claro de aí que teñamos unha boa situación económica, de aí que podamos facer estes orzamentos que mire non sei se queda ben ou mal na acta, eu dígolle a verdade, son uns orzamentos cojonudos.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. González Carballo.

Sr. César Abal, ten a palabra.

O Sr. Abal González: Gracias Sr. Alcalde.

Dice que no gastamos lo que no tenemos, Sr. González, y está diciendo a la vez que tenemos deuda de 19 millones, ¿dónde está el criterio?, lo dejo ahí.

Por cierto, Agustín, insiste en lo mismo, insiste en hablar de la Xunta, del Estado, de Montoro, de cualquier cosa y no se da cuenta en el punto en que estamos tratando hoy aquí, se lo voy a leer para recordárselo: “Aprobación inicial dos orzamentos xerais do Concello para o exercicio 2014”, entonces los mítines se los dejo para su partido y así uno se da cuenta porque sólo gano por 13 votos en su partido. Por cierto, la carga impositiva no se mantiene, hable con el Sr. González, aumenta en 455 mil euros, el incremento en positivo del Concello de Pontevedra a sus ciudadanos para este año.

Muy bien, voy a hablar de nuestras enmiendas como dije antes. Como ya saben este grupo político ha presentado 55 enmiendas divididas en dos grandes bloques, un bloque que son enmiendas al articulado de las bases de ejecución y, un segundo bloque, enmiendas a los estados de gastos, que a su vez las hemos clasificado en enmiendas por adición, enmiendas por reducción y enmiendas por detalle, solamente dos de las 55 enmiendas presentadas fueron objeto, al menos, de debate y conseguidas mejorar gracias a nuestra cesión. Todas las que afectan al apartado eco-



nómico han sido rechazadas con argumentos tan banales, como despropósito, contradictorios, o errores en las sumas y restas.

La realidad es que el pacto alcanzado entre sus grupos para repartirse el dinero de todos los pontevedreses es tan frágil que mover tan siquiera un céntimo podría provocar su ruptura. Los intereses del partido antepuestos a los intereses de Pontevedra, Sr. Fernández, en vez de hacer una definición de las necesidades más importantes de Pontevedra y luego hacer un presupuesto, han hecho justo lo contrario, han realizado un análisis de las necesidades de cada departamento, de cada concejalía, de cada grupo y luego se han dividido el dinero, exactamente lo mismo que hicieron con los 23 millones de euros del plan "E", que lo partieron por la mitad, 50% para el BNG y 50% para el PSOE y a partir de ahí funcionamos.

Las cinco enmiendas que presentamos a la articulación de las bases de ejecución son orientadas a mejorar la transparencia de este gobierno y sacarlo del último puesto que la prestigiosa ONG Transparencia Internacional España, solamente cuestionada en el mundo por un alcalde, nos situó en los últimos puestos, pero las que afectan a los ciudadanos de acceso a la información, medidas de buen gobierno y open government, nada se ha conseguido, el Concello es la casa de todos y la información que aquí se maneja debe ser accesible por cualquier ciudadano y por ella se debe facilitar su disposición a cualquier plataforma no a través de estructuras piramidales jerarquizadas que le encantan a Demetrio.

A continuación presentamos 50 enmiendas a los estados de gastos, 19 por adición, 20 por reducción y 3 de detalle a partir de las genéricas. En las enmiendas por adición proponemos la creación de un plan económico de empleo local, dotado con un millón de euros, proponemos que desde el Consello Económico e Social se cree un observatorio socio económico permanente, formado por expertos y que sea el que nos realice un diagnóstico de nuestra realidad, cuáles son nuestras potencialidades e cuáles son nuestras debilidades, en dónde queremos centrar nuestros esfuerzos. No tiene sentido que nuestro grupo se lo diga porque seguiríamos en lo mismo, incidiendo en los mismos errores, buscamos el consenso en este punto tal y como hicieron todos los grupos en La Coruña, Vigo o Ourense. Aún salía estos días, a través de la prensa, el secretario intercomarcal de UGT, el mismo que le ganó el congreso a su candidato, Sr. Fernández, nos hablaba de los datos de la comparativa de encuesta de población activa haciendo análisis con las del Concello, pero bueno no quiero hablar de datos porque son personas, son familias y son dramas personales, dice ese estudio que en Pontevedra hay 1.090 hogares sin ingresos y 3.500 con todos sus miembros en paro, esto es lo realmente importante e urgente e se vostede, Sr. González, se mofa de nuestra propuesta diciendo que es una oficina de empleo, con este drama en la mano no habría inconveniente alguno si llegado el caso fuera su función. Para nosotros esta es la principal medida, la más urgente y también lo era para el PSOE antes de primar nuevamente los intereses partidistas a los de los ciudadanos de Pontevedra.

Hace escasos dos meses comparecieron ustedes tres en una rueda de prensa, los tres para intentar dar credibilidad y dijeron textualmente que su prioridad para los presupuestos era la aprobación de un plan de empleo amplio y potente, y decía el Sr. Louro, una dotación que multiplique ampliamente por algún dígito los 90 mil euros de las becas de formación, es una condición irrenunciable de nuestro grupo, observen su credibilidad, les informo 1.6 es ese dígito incrementado que han conseguido ustedes. También Agustín Fernández decía en una entrevista, después de ser reelegido, perdón, elegido presidente del PSOE de Pontevedra, que esta ciudad no podía seguir apostando por hacer así farolas y que necesitaba centrarse en crear empleo,

ésta es su oportunidad y así se las gastas ustedes.

Proponemos que la fachada de Pasarón, continuamos con las enmiendas, otra enmienda continua en la zona verde de Pasarón, proponemos que la fachada de Pasarón sea destinada para lo que realmente se expropió, como zona verde para disfrute de sus vecinos. La expropiación fue realizada por la vía de urgente ocupación, si ustedes mismos reconocen que no había urgencia pueden estar entrando en prevaricación, díganle a esas personas que les tiraron sus casas, que se las expropiaron, díganle que lo hicieron para hacer un barrizal, vayan y díganse.

También proponemos la rehabilitación del edificio anexo para Álvarez Limeses y que ha solicitado la ANPA para actividades pedagógicas de la comunidad. Proponemos la recuperación de la partida de 200 mil euros para terminar el complejo lúdico de A Parda y que cumpla su función original de acceso universal para todos, incluso para los que no tienen 40 euros al mes para disfrutar de sus instalaciones, que es lo que usted va a conseguir, Sr. Fernández.

Proponemos la mejora del campo de fútbol de Salcedo, efectivamente, por el mismo método que se ha realizado el de Marcón, el mismo método, pongan la parcela y hacemos el convenio, ese es el mismo método, a ver si sabe leer. Proponemos una partida para el adecentamiento del mercado municipal de Fray Juan de Navarrete, en estado de abandono y con la mitad de los locales de titularidad municipal vacíos y el resto en riesgo de cierre debido a su inacción. Proponemos el adecentamiento del campo de fútbol de Agüeiros en Campañó que está en estado ruinoso. Proponemos que cumplan de una vez con todas de su promesa del centro cultural de Tomeza. Proponemos la rehabilitación del colegio de Os Campos en Santa Margarita para disfrute de los vecinos. Proponemos aumentar la partida de mantenimiento y reparación de enseñanza básica, los edificios pontevedreses tienen muchos años y hace falta muchos ajustes y el mantenimiento es competencia municipal, Sr. Fernández. Proponemos que se dé cumplimiento al mandato plenario y se destine una partida de 200 mil euros a la redacción del PXOM, el mandato plenario existe y obliga a su remisión a pleno antes de mayo, tanto le gusta a ustedes hablar que en un pleno se dijo una cosa y ahora no se puede deshacer, como decían con los crematorios, pero en el PXOM si dan marcha atrás.

Proponemos que no se minore la inversión prioritaria para toda la gente del rural, el saneamiento y el abastecimiento. Proponemos que la partida productos farmacéuticos en beneficencia sea dotada con casos de 5.000 euros para casos de extrema urgencia, esta partida desaparece, preguntamos en la comisión y desconocemos su inclusión en otra partida, si nos lo pueden aclarar entiendo que han contado con este punto. Proponemos que mientras en esta ciudad existan tres federaciones vecinales la imparcialidad se le debe presuponer a un equipo de gobierno, deben recibir todas la misma cantidad. Proponemos aumentar las partidas en publicidad y propaganda en las realmente necesarias, en Xuventude y en CIM en el Centro de Información de la Muller.

Estas enmiendas de adición usted dice que son contradictorias por aumentar, Sr. González, por aumentar el gasto en el sector del ladrillo. Yo le digo, rehabilitar un colegio, realizar una casa cultural, dotar a un campo de fútbol de Salcedo, exigir que los 33 mil metros cuadrados del futuro pulmón verde de la zona este de la ciudad no sean entregados a una empresa privada no es ladrillo, Sr. González, es apostar por más servicios sociales, por más deporte, por más cultura y por más educación.

Ahora voy a comentarles las enmiendas por reducción, este debate no se lo puedo hurtar a los ciudadanos, por eso continuo con él. Afectan a un total de 20 partidas, las dos primeras son las referidas al alumbrado público, que son de 550 mil euros, en



los últimos cinco años desde que nuestro grupo tiene conocimiento, que son los años 2007, 2008, 2009, 2010 y 2011, se han gastado, sólo con una empresa, la friolera de más de 11 millones de euros, 11 millones de euros en mobiliario y alumbrado público, esto es lo que factura directamente el Concello de Pontevedra, porque sabemos que luego a través de diferentes obras también se factura, y mucho. Dejando a un lado cualquier otra acción sospechosa nos sorprende que toda esta cantidad no se haya visto afectada en nuestro consumo eléctrico, en concreto la partida de suministro eléctrico, Sr. González, teníamos 1.200.000 euros en el presupuesto del 2008, 1.400.000 euros en el presupuesto del 2010, partida de suministro eléctrico que paga el Concello, gasto corriente, 1.700.000, sube en el presupuesto del 2012 y, finalmente, los 2 millones de euros en este último. Publicaba El País, que creo que ustedes le dan bastante credibilidad al periódico El País, publicaba en un enorme gráfico muy clarificador de la subida de la luz en España desde el año 2008, dice que ha sido de un 63% la subida de la luz desde el año 2008, pero el Concello de Pontevedra, con los datos en la mano, son de un 66,67%, aún hay un 3% más de diferencial, entiendo que alguna luminaria nueva, algún edificio, puede justificar ese diferencial del 3%, mi pregunta es ¿dónde están los más de 11 millones de euros que invirtieron ustedes en aras del ahorro energético en esta ciudad?, seguiremos con esto más adelante. Para acabar con este desfaldo de dinero nuestro grupo propone que realicen un inventario municipal de los puntos de luz existentes y de las necesidades futuras y con ese documento convoque un concurso público para su adjudicación a una empresa de gestión integral de energía, las conocidas como empresas de servicios energéticos, estas empresas, que esto es de libro, asumen toda la renovación del alumbrado, instalan las previstas durante un período de tiempo concreto, generalmente 8 años, se financian durante ese tiempo con el ahorro obtenido, generalmente un 52%, de esta forma al terminar el período de mantenimiento el Concello tiene renovados todos los alumbrados sin coste alguno y preparado para rebajar su factura en un 52%, siguiendo este método tendríamos 11 millones de euros más hoy en este presupuesto para gastar.

Proponemos reducir nueve partidas de propaganda y publicidad esas que ustedes dispersan por todo el presupuesto adelante para que no se descubra la cantidad. Son las partidas del autobombo, gastan tanto dinero en autobombo que luego no tienen dinero para lo realmente importante como son las de Xuventude e Centro de Información da Muller, de 1 millón de euros destinan simplemente a propaganda y publicidad de Xuventude y el Centro de Información da Muller 31.000 euros, si hasta el avance de liquidación del año 2013 han necesitados 3.800 euros más para la partida de xuventude, Demetrio.

Si entro en el campo de la liquidación tenemos hasta mañana, así que mejor lo aparto. El presupuesto del poco pan y mucho circo, como dice nuestro portavoz, yo le llamo el presupuesto de poca pala y mucho pico, como digo yo. Proponemos reducir el gasto en las fiestas, proponemos hacer más con menos, no eliminamos nada.

Desde que comenzó esta enorme crisis todas las ciudades han adaptado su presupuesto en fiestas, algunas hasta un 70%, Pontevedra no sólo abarata sino que incluso sigue creando eventos pagaderos de cheque fácil, como la fiesta pirata en los carnavales, pero aquí no tenemos inconveniente alguno en su celebración, si en su gasto. Mire, Sra. Carmen da Silva, hace dos años existía el desembarco pirata de O Grove, le recomiendo que lo visite y copie su modelo, esta fiesta que dura dos días, un fin de semana entero, no le cuesta un euro al Concello, organizan un desembarco, engalanan la ciudad y los locales, organizan la búsqueda del tesoro, organizan un mercado pirata y tienen hasta el menú del pirata, todo ello gracias a la colabora-

ción pública privada de la gestión que es la que se les debe exigir ustedes. Aquí los hosteleros proponen organizar un carnaval de verano sin coste alguno para los pontevedreses y se les bloquea institucionalmente desde todos los ámbitos, así es como gestionan ustedes, contratando sólo a sus amigos de Itinerante o Troula para que organicen eventos, la fiesta pirata es una adaptación que ya tenía Troula que se llamaba invasión pirata y se disfrutó por muchas ciudades de Galicia. Ustedes se olvidan de preguntar a nuestras gentes, como se puede organizar una fiesta dedicada a Benito Soto sin contar con los vecinos de A Moureira, con el Gremio de Mareantes, o con los hosteleros. El valor y mérito que se le debe exigir a un político es involucrar a la ciudad en un evento que deben querer como suyo, a Feira Franca, por la implicación de los hosteleros, vecinos y asociaciones, que la adoptaron como suya y le fueron dando su carácter propio y diferenciador. Hablando de la Feira Franca, nuestro grupo pidió el detalle de la organización de las fiestas en el mes de julio, seguimos esperando por él, Carmen. La organización de la Feira Franca ha tenido un importante sobrecoste 35.000 euros, sobrecoste, que sepamos por el estado de liquidación, porque su coste para sólo un día se ha ido a los 188.000 euros.

Hacer unas buenas fiestas no significa tirar el dinero, no significa dárselo a unos amigos para que organicen algo que ustedes no saben. Si con 600 mil euros que es la cantidad que proponemos para las Fiestas de la Peregrina o de verán, como les llaman ustedes, no son capaces de hacer unas fiestas mejores que las que tenemos no nos echen la culpa a nosotros de que nos las queremos cargar. El único gasto de las fiestas que han hecho de manera razonable, ¿saben cuál es?, es la festa do Demo, que consiste en ponerle un traje de diablo a un señor y darle a unos petardos, hasta ahí dan ustedes, a partir de ahí son unos incompetentes.

Proponemos también la reducción de las partidas de revalorización integral de rúas e melloras e de accesibilidade urbana, 700 mil euros en una y 455 mil euros en otra porque lo considerábamos que estábamos hablando de nueva inversión, he dicho nueva inversión, perdón, Sr. González, que ya nos aclaró que nos estaba mintiendo y 1.040.000 euros son para obras pendientes, primero hace una rueda de prensa diciendo que destinarán 7 millones de euros a nueva inversión y la siguiente se desdice, a ver quién es aquí el que se contradice, Sr. González, nosotros no tenemos toda la necesidad de salir todos los días en la prensa, cuando uno sale tanto a hablar de lo mismo con diferentes argumentos, de esto sabe mucho el que está a su lado, el Sr. Mosquera, es que algo no va bien y esto es un claro ejemplo.

Otra de nuestras enmiendas propone la reducción de la partida destinada a dedicaciones exclusivas, esta vez hemos dejado en el aire el número para que se centre en el coste y así también formen parte nuestra única dedicación exclusiva de esta rebaja, nosotros no queremos ningún privilegio, señores. Esta gráfica que aquí les enseñó y se la enseñó a los medios, esta gráfica que aquí les enseñó son ustedes, son el equipo de gobierno, el equipo de gobierno más caro de Galicia, como el turrón, ahora que vienen las navidades, 1880, esto son ustedes, podría cambiarla por los datos del paro y no variaría mucho. Cómo pueden seguir permitiendo esto, la política se dignifica dando ejemplo, en venir a servir y a no ser servidos, no se dignifica con vinos populares organizados para cumplir 25 años de concejal, que clase de ostentación es esta, o acaso un trabajador celebra sus 25 años cotizados, que clase elitista se piensan ustedes que son.

También pedimos reducir el personal eventual, me dirán que tienen menos asesores, como nos dicen en comisión, menos asesores que otras ciudades, pero lo que no nos dirán a todos los pontevedreses y por lo que yo ya me adelanto, es que dedican la friolera de 700 mil euros a asistencias técnicas, es decir, utilicen este mecanismo para colocar asesores y gente de confianza, como el de patrimonio histórico que tie-



ne su función asesorar en las obras del casco histórico, toma ya.

También le pedimos que claudiquen de una vez por todas y cedan toda la gestión del CITA a la Diputación, fíjese de una previsión de ingresos, esto va para el Sr. Bará, de una previsión de ingresos de 5.000 euros, sólo ha sido capaz de ingresar 334 euros, lo que valen dos noches de hotel del Alcalde de sus vacaciones en Barcelona. En estos temas han demostrado reiteradamente su incapacidad para gestionar cualquier activo cultural de tipo museístico, la pérdida del museo etnográfico, en el palacete de Mugartegui, o el fallido proyecto de museo da historia son claros ejemplos de esto, cédanlo de una vez a la Diputación de Pontevedra que si se ha demostrado como el gran referente de la apuesta cultural de esta ciudad.

Por último, también les pedimos tres enmiendas de detalle, la finalidad de un presupuesto es expresar con claridad y con el mayor detalle posible, la planificación y destino de cada euro que entra y que sale de las arcas públicas, los ciudadanos tienen el derecho a conocer que actuaciones concretas tiene planificadas el gobierno para el ejercicio en curso. Por ello no es de recibo que intenten ocultar el destino específico de las partidas y se reserven una absoluta discrecionalidad para distribuir los recursos públicos sin explicarlo a los ciudadanos mediante un presupuesto. Le pedimos que tenga en cuenta entre otras la reforma del Campo de A Torre, o la praza de A Castaña, pero debe ser que estos vecinos como en su día protestaron ahora mismo están castigados. Ahora empezamos a saber algunas cosas de por qué ustedes no desglosaron estas partidas de nueva inversión, como que son para obras anteriores que quedaron pendientes, pero seguimos sin encontrar los 900 mil euros prometidos en el Campo de A Torre, Sr. Louro, dónde se los están gastando, recuerde, Sr. Louro, que yo mismo traje aquí una moción, a este pleno, contra esa reforma y dije que se equivocaba y que desconocía sus necesidades, ese que se sienta a su lado me dijo riéndose, cómo no lo vamos a saber si tenemos la sede allí, ya ve su credibilidad, tuvieron que retirar el proyecto, conocía usted de las necesidades, está en las actas, Sr. Fernández, hablar no es gratuito y menos en el pleno. Usted me dijo que este proyecto estaba en fase exposición y que esperaba contar con nosotros para las aportaciones, a lo que le accedí en este mismo pleno confiando en su palabra, hace falta una reforma pero no la que ustedes plantearon sino la que quieren los vecinos, es así de sencillo, espero que la traigan.

Resumiendo, y les doy un alivio a todos ustedes, es un presupuesto hecho en base a sus intereses partidistas y no a los de los ciudadanos, un presupuesto que nace muerto y que será modificado en el primer trimestre del año entrante, recuérdense todos los presentes, será modificado en el primer trimestre del año entrante. Es el presupuesto del paro que incide en los errores del pasado, en donde el Partido Socialista ya los reconoce como no suyos aunque luego alguien le aviso desde prensa, le advierten del error y tienen que salir a explicarlo, es un documento hipócrita que critica el neoliberalismo y apuesta por el sector de la construcción como generador de empleo. Un documento agarrado con pinzas que impide que algunas de nuestras enmiendas puedan ser tenidas en cuenta.

Nada más, Sr. Alcalde.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Abal.

Ten a palabra o Sr. González Carballo.

Incidencias.- Auséntase da sesión dona Rosa Encarnación Picallo Quiveo.

O Sr. González Carballo: Se é a terceira rolda xa me toca a min, houbo dous turnos e teño que concluír eu, digo se é posible así, en tempo xa vai ben, Sr. Alcalde.

Só a efectos de conclusións, creo que ía polo bo camiño, agora a liou parda, dicindo bastantes soeces, por certo. O outro día estaba buscando un termo de como categorizar as súas emendas e cheguei á conclusión de que son chiripitifláuticas, é dicir como aquel programa da tele dos anos 60, pois talmente, son unhas alegacións chiripitifláuticas. Perdoa polo tono docente, había a muller de un candidato demócrata á presidencia dos Estados Unidos que lle dicía que para facer un discurso inmortal non fai falta ser eterno. Eu pregaríalle que tomara exemplo.

Moitas gracias.

Rematado o debate, sométense a votación as emendas presentadas polo grupo municipal do Partido Popular (exceptuando as modificacións das bases de execución 40 e 49 que xa consensuadas na sesión da Comisión Informativa de Economía e Facenda de 16.12.2013), votando a favor 10 concelleiros (os 10 concelleiros presentes do grupo municipal do Partido Popular) e en contra 13 concelleiros (os 10 concelleiros presentes do grupo municipal do BNG e os 3 concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE), polo que o Pleno do Concello, por maioría, acorda rexeitar as devanditas emendas.

Seguidamente, realízase a votación ordinaria sobre o proxecto de orzamentos xerais do Concello para o ano 2014, coas modificacións das bases de execución 40 e 49 que constan na acta da sesión da Comisión de Economía e Facenda do día 16.12.2013.

O Pleno do Concello, por maioría, co voto a favor de 13 concelleiros (os 10 concelleiros presentes do grupo municipal do BNG e os 3 concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE) e o voto en contra de 10 concelleiros (os 10 concelleiros presentes do grupo municipal do Partido Popular), de conformidade co ditame da sesión de Economía e Facenda, préstalle a a súa aprobación e, en consecuencia, acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello para o ano 2014, integrado polo orzamento do concello, do organismo autónomo local Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra, do organismo autónomo local Pazo de Congresos e Exposicións e da sociedade mercantil municipal "Turismo de Pontevedra SA", cuxo importe consolidado de ingresos é de 66.356.531,28 €, e de gastos cuxo importe é de 66.350.212,37 €.

Segundo.- Aprobar inicialmente as bases de execución que serán de aplicación á entidade local e os organismos autónomos con tódolos acordos e pronunciamentos expresamente previstos.

Terceiro.- Aprobar inicialmente o cadro de persoal consonte a proposta de data 5 de decembro de 2013, formulada polo Concelleiro de Réxime Interior e Persoal.

Cuarto.- Someter os expedientes de orzamentos e cadro de persoal aos requisitos de publicación do artigo 169 do Texto Refundido 2/2004 polo que se aproba a Lei de facendas locais, do 5 de marzo, con información pública polo prazo de quince días hábiles durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno.



Quinto.- De non ter presentado reclamación ningunha, os acordos de aprobación inicial entenderanse definitivos, entrando en vigor unha vez publicados no xeito previsto no artigo 169.3 do Texto Refundido 2/2004 polo que se aproba a Lei de Facendas Locais, mediante a publicación no BOP. Así mesmo remitirase unha copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

3.- ECONOMÍA E FACENDA.- APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO.

De orde do Sr. Alcalde-Presidente, polo Sr. Secretario dáse conta do ditame favorable, por maioría (voto en contra do Partido Popular), da Comisión Permanente de Economía e Facenda, de data 16.12.2013.

Aberto o debate o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra a don Raimundo González Carballo, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

O Sr. González Carballo: Moitas grazas.

É un tema tamén xa que está moi comentado e, en todo caso, facer unha pequena síntese do que implica.

Estamos ante a modificación de unha ordenanza fiscal derivada do incremento do 34% do canon de SOGAMA que aprobou a Xunta de Galicia nos orzamentos que foron aprobados onte e implica o incremento de 20,6 euros/tonelada para todos os concellos de Galicia. Esta é unha modificación unilateral por parte de a Xunta e realmente é para beneficiar ou para avalar os intereses de gas natural e favorecer así a súa conta de resultados.

A nivel local esta medida foi xustificada, aplaudida e apoiada polo portavoz do Partido Popular, dicindo que as súas razóns habería e como era aprobada ou como viña da Xunta de Galicia evidentemente non é nada subir un 34% a criterio do Sr. Portavoz do Partido Popular. Pois este non é nada supón, se en Pontevedra se xeran da orde de 31 mil toneladas ao ano, multiplicado por 20.6, pois saen case 650 mil euros, que non é nada. Evidentemente nós que xa o temos manifestado, non compartimos esa suba, agora, evidentemente, como consecuencia de que vai a entrar en vigor a partir do 1 de marzo do 2014, non temos máis remedio que contemplalo na presente ordenanza, o que implica é un euro mensual a todos os cidadáns, aos comercios, aos despachos profesionais, e ás perruquerías, despois o 10% ao resto dos sectores que non veñen a significar máis alá de mil ou mil e pico contribuíntes.

Este criterio que se usou implica un déficit na taxa, un déficit que xa ben no estudio económico pero que no propio informe de intervención di claramente que o incremento son 524.480 euros e que os ingresos están estimados polo órgano de Tesourería en 400 mil euros, o cal implicaría un déficit de 125 euros. Evidentemente se a Xunta, SOGAMA, etc., están falando de que hai que subir un euro por mes están dando as contas á baixa, pois nós seguimos as contas que fai a Xunta de Galicia e subimos ese euro por mes pero que, evidentemente, non cubre toda a taxa, ben sexa xa no estudio económico, ben sexa xa no informe de Intervención, toda vez que ademais de non cubrir os custos directos, evidentemente non cubre ningún custo

indirecto, pero esa situación que traemos aquí e xa digo se debe ao incremento brutal que vai a sufrir a partir do 1 de marzo a taxa de SOGAMA imposta pola Xunta de Galicia.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. González Carballo.

Ten a palabra don Agustín Fernández González, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

O Sr. Fernández González: Gracias, Sr. Alcalde.

Nun pleno desta Corporación os socialistas presentamos unha moción na que instá-bamos á Xunta de Galicia a asumir nos seus orzamentos o pretendido incremento do prezo pola xestión da tonelada de basura en SOGAMA, un prezo que pasará de ao redor de 56 euros por tonelada, máis IVE, a 74 por tonelada máis IVE. Pretende así a Xunta de Galicia con esta suba sentar as bases para cubrir o burato que acumula SOGAMA, froito da pésima xestión que ven realizando de esa empresa e incluso vai máis lonxe porque é máis que probable que con esta suba SOGAMA alcance beneficios antes de impostos, co cal resulta xa dobremente escandaloso.

E esa é a realidade, non vou a entrar a agora a analizar as declaracións dos responsable de SOGAMA, declaracións de pistoleiro de espagueti western, de un individuo que gana máis que o Presidente da Xunta de Galicia e que se descualifican por se mesmas e que en calquera país civilizado deberían supor o cese inmediato, tanto por incompetente como por faltón, pero bueno non as vou a analizar, aí quedan e cada un será responsable do que di e do que escribe en Twitter.

O certo é que en boa parte polas mocións que se foron presentando e aprobando nos concellos, incluso por aqueles concellos gobernados polo Partido Popular, parecía que se albiscaba a través de a FEGAMP unha posibilidade de negociar a situación e incluso se falou de un aprazamento da medida hasta o mes de xullo, pero a Xunta do Partido Popular forzou a rotura de ese acordo e agora resulta que temos que aplicala a partir de marzo de 2014. A postura dos socialistas xa é coñecida, nós xa manifestamos na nosa moción que nos parecía absolutamente inxusto cargar aos cidadáns coas culpas daqueles que non saben xestionar, que os cidadáns xa están soportando, con estoicismo increíble, incrementos impositivos, copagos, repagos, e recibos da luz. Manifestá-bamos entón e manifestamos agora que a Xunta de Galicia debe facerse cargo de esta suba se é que é necesaria, despois de facer una ampla auditoría tanto económica como medioambiental. Manifestá-bamos tamén que hai unha responsabilidade innegable no goberno central a través da súa política enerxética de entrega ás grandes empresas e a supresión das primas ás renovables que derivan nesta situación. Manifestá-bamos que os únicos que non son culpables de nada son os cidadáns e polo tanto nesa liña insistiamos que debiera ser a Xunta do PP a que se fixera cargo pero hai unha aplicación absolutamente irracional das maiorías que fai que a Xunta derive a carga de pagar nos cidadáns e derive a carga de recadar nos concellos, unha posición tan cómoda como inxusta.

Os socialistas non somos insubmisos, non nos gusta para nada esta normativa pero asumimos que hai que cumprila, con dor de corazón, porque afecta a familias de Pontevedra e de iso o único responsable é o Partido Popular. Nós asumiremos a responsabilidade que como goberno nos toca e non nos queda outra que modificar esta ordenanza para recoller a imposición da Xunta pero seguimos a pensar o mesmo que pensá-bamos, que isto é un atraco e, polo tanto, ademais de anunciar o noso voto favorable tamén anunciamos que estudaremos todas aquelas posibilidades legais que haxa de recorrer por vía xudicial esta imposición, tal e como se está facen-



do xa en algún que outro concello de Galicia.
Nada máis.

Incidencias.- Reincorpórase á sesión dona Rosa Encarnación Picallo Quiveo.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Fernández.

En representación do grupo municipal do Partido Popular, ten a palabra don Jacobo Moreira Ferro.

O Sr. Moreira Ferro: Gracias, Sr. Presidente, moi bos días.

Vostedes poden contar o que queiran pero a realidade e que esta vai ser a segunda vez en dous meses que vostedes nos soben o recibo do lixo para o 2014, a segunda vez, creo que en dous meses aproxímanse vostedes ás petroleiras co movemento do prezo dos carburantes. Non nos vai a subir SOGAMA aos cidadáns o recibo que lle vai chegar a casa non vai vir de SOGAMA senón que vai vir do Concello de Pontevedra que vai subir o custo do recibo do lixo. Vostedes demoraron isto a propósito pois son tan incautos que no expediente deixaron copia da carta que lles mandou SOGAMA, unha carta que entrou aquí o 25 de outubro, é dicir, vostedes xa o 25 de outubro, incluso antes do pleno no que trouxeron todas as ordenanzas xa coñecían esta modificación pero a deixaron solapada, non sei por que, vostedes terán que explicar por que, pero a realidade é que ata o de agora os cidadáns de Pontevedra pagaban 117 euros ao ano en recibo de lixo e a partir de agora van a pagar 131,58 euros ao ano de recibo de lixo, un incremento que sumado ao 1,8% que xa nos subiron hai dous meses, suma un incremento de 13,8% que os cidadáns van notar no recibo de lixo do ano que ven.

Cabe preguntarse tamén vistos os antecedentes no que vostedes lle viñan cobrando o recibo, un incremento cada ano no recibo do lixo aos cidadáns pero resulta que non llo ingresaban todo a SOGAMA, porque aí están esas sentenzas que están poñendo en evidencia que vostedes non estaban pagando o que tiñan que pagar a SOGAMA, si lle cobraban aos cidadáns pero vostedes non llo pagaban, xa me dirán onde estaban os cartos. Entón o que cabe preguntarse agora e se preguntarán os cidadáns e se esta subida do 13,8% o Concello vai a ingresarlla a SOGAMA ou vai facer outra cousa con el, non sei ao mellor imos pagar tamén ao Alcalde hoteis tamén de 160 euros a noite por aí por toda España, non sei, pero dende logo eses cartos a SOGAMA non chegaron e a proba son as sentenzas que están aí.

Analizando os orzamentos vemos cousas curiosas, cando menos curiosas e é que mentres vostedes incrementan a recadación en 680 mil euros, vamos a comprobar canto sube o custo do contrato da basura e o contrato da basura non sube 680 mil euros, sube 228 mil euros, eses 450 mil euros que vostedes cobran en exceso a onde van. E, por outra banda, vostedes fan referencia de que agora hai que repercutir aos cidadáns o taxazo de SOGAMA pero resulta que vostedes xa contemplaban cando se aprobaron os orzamentos, antes de aprobar esta ordenanza, un incremento de 524 mil euros en recadación materia de taxas aos cidadáns, resulta que o que hai que acadar agora son 621 mil euros, é dicir o que hai que recadar de diferenza son 97.654 euros. Isto non o digo eu senón que o di o informe de Intervención no que xa di que no proxecto de orzamento do Concello de Pontevedra para o 2014, prevese un incremento das partidas consignadas para tratamento de residuos sólidos urbanos de 524.480, é dicir destes 574 mil euros que agora hai que incrementar a reca-

dación, vostedes xa tiñan previsto, cando non existía todavía iso do taxazo de SOGAMA, xa tiñan previsto repercutir nos cidadáns 524 mil euros, por que?, senón se sabía que SOGAMA ía a subir todavía as taxas.

Polo tanto isto é un claro engano aos cidadáns de Pontevedra e hai un informe técnico, tamén, da Oficina de Xestión Tributaria que di que unicamente parece preciso comprobar que a imputación de incremento de custos aprobados pola Xunta de Galicia e provocados pola suba da cota por tonelada de lixo tratada en SOGAMA é igual ou inferior ao aumento dos ingresos xerados pola suba da cota tributaria, é dicir, non estaba comprobado ata entón.

Desde logo para subirlle taxas aos veciños e repercutirlas aos cidadáns non conteno Partido Popular, nós imos votar en contra desta segunda suba en dous meses e que suma case un 14% no recibo do lixo para o ano que ven, iso teranllo que explicar vostedes aos cidadáns.

Sorprendente tamén e que na comisión máis importante dos dous últimos anos na que se aprobaron os orzamentos e logo tamén veu esta ordenanza que agora estamos tratando aquí pois parece ser que o Partido Socialista non estaba presente pois tiña que pedir permiso a Abel Caballero, a Besteiro e a non sei quen máis, pero vostedes a quen se deben?, teñen que pedir permiso para a hora de decidir se castigan aos cidadáns de Pontevedra ou non os castigan. Está clarísimo, se vostedes apostan por Pontevedra non teñen que pedir permiso a ninguén e votan en contra de esta ordenanza e punto. É lamentable a súa ausencia na comisión do outro día, Sr. Louro. Sr. Louro e os dous compañeiros que forman o triunvirato do Partido Socialista.

Por outra banda, isto que eu saiba salvo que me demostren o contrario non é para a Xunta de Galicia, senón que é para unha empresa pública á que vostede, á que o Concello de Pontevedra ninguén obriga a estar, SOGAMA é unha empresa que se ofrece a xestionar residuos, a facer o tratamento para aqueles concellos que queiran pero que eu saiba ninguén lles puxo unha pistola no peito para estar en SOGAMA, e de feito teñen vía libre para desfacerse e saír canto antes dese convenio, dese acordo.

Falan vostedes do burato de SOGAMA, como non vai haber burato se hai concellos que adebedan 4 millóns de euros a SOGAMA e non os pagan, efectivamente, con clientes así é difícil contratar e manter o equilibrio orzamentario nunha sociedade, eu o entendo, pero en todo caso SOGAMA hoxe non ten nada que ver coa SOGAMA que existía no ano 2006, naquela época de bonanza na que se repartían dietas e se repartían dividendos, se retribuía ao Consello de Administración, tiña coche oficial o Presidente de SOGAMA, todo aquilo acabou, pero claro daqueles excesos agora en parte tamén estamos pagando todos os cidadáns aqueles excesos da festa bipartita que houbo en Galicia, dende o 2005 ao 2009.

Insisto, non estamos obrigados a estar en SOGAMA, eu lles invito a que busquen outra alternativa. Sr. Lores, vostede cando se presentou as eleccións no ano 99, traían no seu programa electoral un compromiso de buscar un mellor xestor de residuos que SOGAMA e vostede abominaba de SOGAMA e apostaba por outro sistema alternativo; despois de catorce anos sigo esperando a súa alternativa, Sr. Lores, onde está?, eu non coñezo ningunha alternativa, polo tanto supoño que para vostede esta alternativa é mellor, é bastante mellor porque vostede aínda por riba escamotea 4 millóns de euros que, insisto, tenos que dicir aos cidadáns de Pontevedra onde meteron eses catro millóns que lle cobraron aos cidadáns pero vostedes non lle pagaron a SOGAMA iso quedou no medio, xa nos explicaran onde están eses cartos.

Polo tanto, nós no que estamos de acordo, evidentemente lamentamos ese incremento dos custos, non defendo os incrementos dos custos e unicamente digo que



haberá algunha razón porque entendo que SOGAMA non quere ter beneficios e de feito con este goberno non reparte beneficios, cousa que si facía cando estaban vostedes gobernando na Xunta de Galicia, pero insisto se hai algunha alternativa mellor poña enriba da mesa porque estaremos dispostos a apoiala se é positivo e é máis barato. Agora, no que estamos en contra é na decisión de repercutir aos cidadáns de Pontevedra este incremento, o Concello de Pontevedra creo que ten peto de abondo para asumir 97 mil euros que é a diferenza entre o que vostedes prevían recadar con respecto ao que hai que recadar, si, si, tiñan previsto recadar 524 mil euros e o que hai que acadar son 671, se as contas non me faian a diferenza son 97 mil euros que creo que non é necesario repercutirlos aos cidadáns.

Por outra banda, xa suprimiron vostedes o equipo de inclusión social porque custaba 132 mil euros, pois pídlle que polo menos estes 97 mil non llos repercutan. E que quede claro, os cidadáns comprobaran cando lle cheguen os recibos do lixo que quen lles sube case un 14% o recibo do lixo para o ano que ven é o amigo Lores e o resto de membros da Xunta de Goberno.

Nada máis e moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, señor Moreira.

Ten a palabra o Sr. Fernández.

O Sr. Fernández González: Eu non vou a dedicarlle moito tempo a isto porque ás veces é mellor estar calado, a veces é mellor estar calado.

En todo caso lle digo que a referencia á urxencia do membro do Partido Socialista na comisión de facenda é mezquina, e xa llo explicaran algúns membros do seu grupo senón llo explicaron xa por que non estaba alí, pero é mezquina, absolutamente. Non digo nada máis que llo expliquen os seus compañeiros de grupo.

Vostede pode repetir como Goebbels, aquilo que unha mentira que se repite mil veces transfórmase nunha verdade e vostede está nese camiño, é dicir nós non subimos a taxa do lixo, sóbea SOGAMA, sóbea a Xunta de Galicia, nós recadamos a taxa do lixo pero quen a sube son vostedes, pola súa propia e absoluta incompetencia na xestión dos residuos de Galicia, polo tanto cánsese vostede de repetir que somos nós os que subimos pero iso non vai a modificar a realidade, a realidade é que é a Xunta de Galicia quen nos impón a subida, polo tanto vostede pode vestilo como queira pero aquí o único culpable é o Partido Popular e a min alégame que vostede se preocupe porque os cidadáns de Pontevedra teñan que pagar un euro máis ao mes na taxa de basura, que estea preocupado, me alegraría tamén que se preocupase vostedes da subida da luz, do IVE, do copago, do repago, etc., e non me vou a repetir xa no que dixeran antes, a min tamén me alegraría escoitalle de vez en cando a vostede que se preocupa por esas cousas pero vostede só se preocupa polo que se quere preocupar, é dicir polo que lle mandan os seu xefes.

Entendo que vostede ten que facer un papel e que lle darán instrucións e que terá que cumprilas e que terá que defender o que teña que defender pero realmente non penso eu que ese sexa o camiño máis adecuado para consolidar unha formación política en Pontevedra, creo que os veciños de Pontevedra saben quen é o culpable da subida e senón o saben xa nos encargaremos de explicarlle claramente quen é o culpable da subida e tamén saben que os defende e que non os defende, pero non só neste asunto senón en moitos outros, este goberno os defende e o Partido Popular non os defende.

Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, señor Fernández.

Señor González Carballo, ten a palabra.

O Sr. González Carballo: Moitas gracias.

O señor Moreira nos solta un carrete sen pes nin cabeza que é demagogia pura e brava e, evidentemente, solta todo ese carrete porque está nunha posición débil, ten que xustificar unha suba e non sabe como como facelo. Só lle digo que, polo menos, lea o contrato de adhesión a Sogama, que veu a este Pleno no seu día, se non tamén llo pode pedir a Juan Luis Pedrosa que foi quen o fixo no seu día, mire as condicións antes de sacar as palabras da boca. É evidente que isto se debe única e exclusivamente ao incremento de Sogama que impón a Xunta de Galicia, o que me parece lamentable é que ata agora vostede era recadeiro da Xunta e que agora é recadeiro dunha empresa para que medre a conta de intereses de Gas Natural, e que é acojonante, mire, defenda os intereses dos veciños de Pontevedra e déixese xa de defender os intereses dunha empresa porque iso é o último ao que pode chegar un portavoz.

Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, señor González Carballo.

O Sr. Moreira Ferro: No voy a utilizar palabras mal sonantes porque creo que cuando uno tiene la razón no necesita utilizar ese tipo de palabras.

Me pide usted que defienda los intereses de los vecinos de Pontevedra y me lo pide usted que ahora va a aprobar aquí subir un 14% el recibo de la basura, y me lo pide usted, es increíble esto, no doy crédito, yo no tengo que justificar nada, ni yo ni ninguno de mis compañeros. Quien va a aprobar hoy aquí la subida de la basura un 14% son ustedes, ustedes, y es el colmo que tenga que escuchar que ustedes no suben el recibo de la basura, pues que estamos votando aquí entonces, a lo mejor ya no se leer, se está aprobando una propuesta del grupo de gobierno de subir el recibo de la basura por segunda vez en dos meses, es que parece una gasolinera esto ya, si ustedes ya tenían previsto recaudar, y no lo digo yo lo dice el informe de Intervención, ya ve que tuve que consultarlo con la señora Interventora y se ve que no le dio la razón porque si no me lo habría espetado, tengo yo razón, lo pone el informe de Intervención, dice que ustedes ya en el proyecto de presupuestos, antes de todo el lío este de Sogama, ya tenían previsto recaudar del bolsillo de los ciudadanos 524.000 y ahora hay que alcanzar 574.000, pero 524.000 ya se los tenían pensado trincar, entonces, a los ciudadanos, no vengan aquí contando milongas, el tasazo lo metieron ustedes por debajo.

Le puede decir que hay otros ayuntamientos como, por ejemplo, el de Vilagarcía de Arousa que van a asumir este sobrecoste y no son 97.000 son casi 300.000 euros, fíjese usted, pero sí que son solidarios y lo asumen ellos porque ya tienen en caja suficiente para no castigar más a los ciudadanos.

Usted viene aquí, a veces, a hablar de que el gobierno central sube los impuestos y tal, yo en eso no puedo hacer nada porque no estoy en el Congreso de los Diputados, pero sí que puedo hacer algo aquí y, desde luego, yo no voy a apoyar una segunda subida de impuesto del recibo de la basura a los ciudadanos. Pásenlo ustedes todo lo bien que quieran, hagan sus fiestas, hagan sus viajes, disfruten por ahí en



esos hoteles pero, desde luego, nosotros no vamos a participar en el incremento de la subida del recibo de la basura a los ciudadanos.

Nada más y muchas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Señor González Carballo, ten a palabra.

O Sr. González Carballo: Segue botando broza, no borrador dos orzamentos non viña esa contía, foi despois cando é tal e por iso pon no informe de Intervención que se incrementa, porque xa está en marcha a ordenanza. De todas maneiras reflexione e grabe os seus propios argumentos, que si o hotel e o outro e tal, pero si no hotel non está Sogama, non sei que ten que ver o hotel con Sogama. Lle volvo a dicir, non xustifique o inxustificable, resulta que vostede foi o único portavoz de xustificou a suba de Sogama, nin o portavoz do grupo municipal do PP en Vigo a xustificou e dixo textualmente “que lo pague la Xunta de Galicia” e aprobou un acordo, ata o de Poio co que vostede se sa a man alí na ponte de A Barca, e vostede xustifica iso, eu non sei si é para ganar o congreso do Partido Popular ou para qué, ao mellor está vostede nunha posición moi débil e ten que demostrar que é o máis pelota do mundo, claro, pero non o faga a conta dos cidadáns de Pontevedra.

Moitas gracias.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, por maioría, co voto a favor de 13 concelleiros (os 10 concelleiros presentes do grupo municipal do BNG e os 3 concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE) e o voto en contra de 11 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do Partido Popular), e de conformidade co ditame da Comisión de Economía e Facenda, presta a súa aprobación ao proxecto de acordo aprobado pola Xunta de Goberno Local e, en consecuencia, acorda:

Primeiro. Acordar a aprobación provisional da modificación da ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo.

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 17.1 do Texto refundido la lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, o presente acordo de aprobación provisional de modificación, exporase ao público no taboleiro de anuncios deste Concello durante 30 días hábiles así como Boletín oficial da provincia do anuncio da exposición pública, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente, e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Tamén se publicará nun periódico dos de maior circulación da provincia o anuncio de exposición pública. Aínda que se dá publicidade en tres medios, o prazo de 30 días contará a partir da publicación no Boletín oficial da provincia.

Terceiro. Considerar definitivamente aprobada a modificación da Ordenanza reguladora establecida, no caso de que non se presentasen reclamacións no prazo establecido para elo.

Cuarto. Proceder, unha vez se aprobe definitivamente a modificación da ordenanza, á publicación íntegra do acordo de modificación así como do texto íntegro da modificación da ordenanza no Boletín oficial da provincia, para os efectos da súa entrada en vigor.

4.- ECONOMÍA E FACENDA.- ACORDO DE APROBACIÓN PROVISIONAL DE IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DA CONTRIBUCIÓN ESPECIAL POLA AMPLIACIÓN E MELLORA DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E APROBACIÓN PROVISIONAL DAS ORDENANZAS XERAL E ESPECÍFICA REGULADORAS DA CONTRIBUCIÓN ESPECIAL POLA AMPLIACIÓN E MELLORA DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS.

De orde do Sr. Alcalde-Presidente, polo Sr. Secretario dáse lectura ao ditame favorable, por maioría (abstención do Partido Popular), da Comisión Permanente de Economía e Facenda, de data 16.12.2013.

Aberto o debate o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra a don Raimundo González Carballo, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

O Sr. González Carballo: Moitas grazas. Ata o señor Secretario xa nos fala como don Julio Dapena que xa non se lle entende moi ben, quero dicir, que vai o Pleno un pouquiño cheo xa.

Eu agardo que esta ordenanza non leve o mesmo debate que todo o anterior, non porque non teña importancia. En primeiro lugar, solicitar desculpas ao Partido Popular porque non foi posible darlla antes, houbo que reformala, etc., e polo tanto non foi posible, xa llo expliquei a vostedes en comisión. En todo caso, esta ordenanza é froito dun convenio que temos con Unespa que se fai con todas aquelas cidades que teñan servizo de extinción de incendios. O convenio de Unespa tivo unha duración inicial de 5 anos e agora xa se fixo un novo convenio, en definitiva, temos que a aportación do 2012 e 2013 de Unespa ao Concello, froito deste convenio, é, en total, máis de 500.000 euros e do que se trata é de darlle aplicación a eses fondos que temos recibidos de Unespa que, en concreto, é a compra dun camión de primeira saída, que o actual xa ten os seus anos, por un total de 290.000 euros, máis dous todoterreos e material diverso. Do que se trata é disto, en definitiva, e eu creo que todos estamos de acordo en que se mellore o servizo de extinción de incendios porque iso repercute directamente en todos os veciños e veciñas de Pontevedra.

Moitas grazas.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas. Algunha outra intervención?

Ten a palabra, en representación do grupo municipal do Partido Popular, don César Alberto Abal González.

O Sr. Abal González: Gracias, señor Alcalde.

Simplemente mencionar, como bien dijo el señor González, no se nos entregó el expediente, entendemos la urgencia que pueda haber, aceptamos sus disculpas y simplemente justificar nuestra abstención porque no hemos podido ver el expediente.

Nada más, gracias.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, por maioría,



co voto a favor de 13 concelleiros (os 10 concelleiros presentes do grupo municipal do BNG e os 3 concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE) e a abstención de 11 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do Partido Popular), e de conformidade co ditame da Comisión de Economía e Facenda, presta a súa aprobación ao proxecto de acordo aprobado pola Xunta de Goberno Local e, en consecuencia, acorda:

Primeiro. Acordar a imposición e ordenación da contribución especial pola ampliación e mellora do servizo de extinción de incendios (Investimentos 2014).

Segundo. Aprobar provisionalmente a modificación da "Ordenanza fiscal xeral reguladora da contribución especial pola ampliación e mellora do servizo de extinción de incendios" e máis a aprobación da "Ordenanza da contribución especial pola ampliación e mellora do servizo de extinción de incendios (Investimentos 2014)".

Terceiro. De conformidade co disposto no artigo 17.1 do Texto refundido la lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, o presente acordo de aprobación provisional, exporase ao público no taboleiro de anuncios deste Concello durante 30 días hábiles, publicándose no Boletín oficial da provincia o anuncio da exposición pública, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente, e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Tamén se publicará nun periódico dos de maior circulación da provincia o anuncio de exposición pública. Aínda que se dá publicidade en tres medios, o prazo de 30 días contará a partir da publicación no Boletín oficial da provincia.

Cuarto. Considerar definitivamente aprobadas estas Ordenanzas, no caso de que non se presentasen reclamacións no prazo establecido para elo.

Quinto. Proceder, unha vez se aproben definitivamente as ordenanzas, á publicación íntegra do acordo de modificación nun caso e ordenación no outro, así como do texto íntegro da modificación da ordenanza no Boletín oficial da provincia, para os efectos da súa entrada en vigor.

5.- ORDENACIÓN DO TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS.- SOLICITUDE AO MINISTERIO DE FOMENTO DE CESIÓN AO CONCELLO DE PONTEVEDRA DA TITULARIDADE DO TREITO DA ESTRADA CONVENCIONAL N-550 ENTRE A GLORIETA COA A AVDA. DE BOS AIRES (PK 118+850) E A GLORIETA DE PASARÓN (PK 118+400).

De orde da Presidencia o Secretario Xeral do Pleno dá conta do ditame favorable, por unanimidade, da Comisión Permanente de Ordenación do Territorio Infraestruturas, Obras e Servizos, de data 12.12.2013, emitido sobre a solicitude ao Ministerio de Fomento de cesión ao Concello de Pontevedra da titularidade do treito da estrada convencional N-550 entre a glorieta coa a avenida de Bos Aires (PK 118+850) e a glorieta de Pasarón (PK 118+400).

Aberto o debate o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra a don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

O Sr. Mosquera Lorenzo: Gracias, Sr. Alcalde, bos días a todos e a todas.

Non é que teña ningunha cousa rara é que levo varios días con fiebre e estou nun estado físico regular, o digo por si se me nota o ton de voz afectado.

Creo que este asunto é coñecido, creo que é un obxectivo que compartimos todos, foi ditaminado por unanimidade e creo que tal e como vai o Pleno e mellor, pola nosa parte polo menos, que non haxa debate porque está suficientemente claro, de todas maneiras o que digan os demais grupos.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias. Algunha intervención?

Ten a palabra, en representación do grupo municipal do Partido Popular, don Ricardo Aguilar Argenti.

O Sr. Aguilar Argenti: Muchas gracias, Sr. Alcalde.

Nuestro partido ya ha votado, en la comisión, favorablemente y lo va a hacer nuevamente ahora pero no debemos de dejar pasar que la gestión realmente no ha sido bien llevada, entendemos que no se gestionó bien la cesión del tramo que se solicitaba ya en su día. Esto se trajo a un pleno, el tramo que se solicitaba a Fomento era de mayor longitud, llegaba hasta Médico Ballina, se ve que la gestión no ha sido muy bien llevada y eso que hay una comisión paritaria donde se podían haber tratado estos asuntos con la mejor corrección posible y ahora pues estamos de acuerdo, un tramo menor, lo aceptamos, no cabe duda que llega hasta la pasarela de Pasarón que a Agustín Fernández no le gusta que mencionemos, pero estaremos alerta a lo que el señor Mosquera y usted, señor Alcalde, quiere hacer con el puente, porque últimamente están de puentes, con el de los tirantes ya hicieron cosas, en el de A Barca están con otras y a lo mejor en el de Compostela quieren hacer más cosas, el de O Burgo lo tienen en mente y estaremos alerta.

Muchas gracias, señor Alcalde.

O Sr. Alcalde-Presidente: Gracias, Sr. Aguilar.

Sr. Mosquera, ten a palabra.

O Sr. Mosquera Lorenzo: Para non querer ter debate hai que non introducir elementos estraños e que están explicados. A maior ferramenta de negociación ou de xestión é o acordo plenario, o acordo plenario era ata Médico Ballina. Xa se lle explicou na comisión que a postura do ministerio era que non, e de feito está por escrito, intentámolo por activa e por pasiva; é unha xestión como outra calquera, parcialmente exitosa, como sempre hai que chegar a acordos ou aceptar o que di quen ten capacidade de decisión, agora botarnos a culpa de falta de xestión neste asunto é, non sei, mellor non cualificalo. A administración titular di que non cede, non acabamos de entender ben as razóns pero di que non cede máis que aí e punto, e intentouse por activa e por pasiva, ata se falou coa ministra cando estivo aquí, con todo o mundo, di que non e resulta que a culpa e nosa. De verdade, señor Aguilar, que hai que ter unha mente composta dunha maneira especial para sacar esas conclusións. Meteu ese elemento distorsionador porque a súa preocupación é que nos cedan o vial e que permeabilicemos, que é o que imos a facer, para que en Rafael Areses e demais podan pasar peóns e ciclistas, que poñamos uns lombos para que o tráfico sexa máis calmado, etc., esa é a súa preocupación, por iso lle entran as dúbidas, votaran a favor pero lle entran as dúbidas.

Creo que non merece máis debate, como dixen antes, pero si se mete en elementos estraños teremos que aclaralos, claro.



O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, señor Mosquera.
Votamos?, diga señor Aguilar.

O Sr. Aguilar Argenti: Moi breve, señor Alcalde.

Como dice el señor Mosquera que no es motivo de crítica la gestión, entendemos que esto se inicia en el año 2012, ustedes están en una comisión paritaria, en esa comisión paritaria podían haber llegado a acuerdos, no había que esperar a ahora para llegar a este recorte, lo trajeron a un pleno y la gestión, no cabe duda, que si estudes están reunidos con los señores de Fomento lo podían haber negociado y en el pleno anterior se podía haber traído ya este tramo y no haber perdido el tiempo. Si a usted le parece una buena gestión a nosotros nos entran dudas.

Mucas gracias.

O Sr. Mosquera Lorenzo: Non hai qué facerlle.

Rematado o debate e realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, por unanimidade (24), acorda:

Primeiro.- Solicitar do Ministerio de Fomento a cesión ao Concello de Pontevedra do treito da N-550 (Pontevedra-Santiago) abranguido entre o cruce coa avenida de Bos Aires (PK 118+850) e o cruce de Pasarón (PK 118+400), ao abeiro do disposto na Lei 25/1988, do 29 de xullo, de Estradas, en desenvolvemento do Convenio de colaboración suscrito o 24 de abril de 2009, comprometéndose o Concello á súa conservación, mantemento e explotación.

Segundo.- O Concello de Pontevedra renuncia expresamente a recibir unha contra-prestación económica pola aceptación do treito de estrada solicitado, ao atoparse o anterior en perfecto estado de conservación e funcionamento.

Terceiro.- Remitir certificación do presente acordo, xunto cos Planos de Planta do treito para o que se solicita a cesión, á Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia e á Unidade de Carreteras de Pontevedra.

6.- RATIFICACIÓN DA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, DECLARACIÓN DE URXENCIA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDG-PSOE SOBRE A ORDENACIÓN DO TRÁFICO NA PONTE DA BARCA E RÚAS ADXACENTES.

O Sr. Alcalde-Presidente: Con respecto a este punto procede dicir que hai unha substitución, dalgunha maneira, desta moción que presentou o partido socialista por un acordo entre o partido socialista e o Bloque Nacionalista Galego, un texto alternativo que substitúe a esta moción, que me entregaron inmediatamente antes do pleno e que, como hai que ratificar a urxencia, creo que procede substituír, eliminar o punto 6 da orde do día e aprobar a seguinte proposta, por urxencia tamén.

O Sr. Louro Goyanes: Si me permite, Sr. Alcalde, froito da moción que presentou o partido socialista e en base a esa moción, entre os distintos grupos mantivemos diálogo e no caso concreto do grupo do BNG chegamos a un acordo transaccional entre a moción e un texto que presentaba o BNG; mantivemos tamén conversacións co grupo popular e poñía algún reparo nalgunha cuestión, polo tanto, hai un texto transaccionado que haberá que someter a debate e que o partido popular se poda sumar a el unha vez que reciba razóns e as explicacións que lle faremos seguro que vainas facer súas e vai apoiar ese texto transaccional.

O Sr. Secretario: En primeiro lugar, o autor da iniciativa que consta na orde do día do Pleno é o grupo municipal socialista, entón, el mesmo ten que retirar ese punto. Despois o outro incluíriase por urxencia. É o que quería matizar.

O Sr. Alcalde-Presidente: É unha formalidade.

Retírase esa moción e preséntase un texto consensuado entre o BNG e o PSdeG-PSOE que, en todo caso, xa é coñecido por parte do PP, que ten copia, polo tanto sométese a debate.

O Sr. Louro Goyanes: Si, señor Alcalde, é xustamente iso, hai un texto transaccionado que supera a moción presentada, que supera outros textos manexados nas conversacións e, agora, o que cabe é proceder a expoñelo aquí, sometelo a debate e que os tres grupos podan encontrar un punto en común.

Polo tanto, o Sr. Louro, en canto autor da primeira moción, a retira da orde do día sendo substituída pola agora presentada.

A continuación, a instancia do Sr. Alcalde-Presidente, polo asentimento dos presentes (24), declárase a urxencia desta última moción.

O texto íntegro da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, consensuada co grupo municipal do BNG, é o seguinte:

“1.- Valorar positivamente a decisión adoptada de apertura ao tráfico da ponte da Barca e da P0-308, unha vez rematadas as obras que a empresa pública Acuaes estaba a realizar.

2.- Realizar informes e estudos de tráfico complementarios ao efectuado no 2011 que permitan calibrar e xustificar calquera eventual medida sobre o tráfico e a calidade urbana nas rúas próximas á ponte da Barca.

3.-Comprometer a colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial para remover as dificultades que existen á mobilidade peonil entre a ponte das Correntes e a zona inmediata á Comandancia da Garda Civil.

4.- Dirixirse á Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, como institución titular da ponte da Barca, e abrir un diálogo institucional para:

a) Que nun prazo non superior a tres meses, confirme a súa disposición a presentar posibles actuacións de mellora da mobilidade peonil e ciclista entre Pontevedra e



Poio e solucionar así os problemas de seguridade viaria que actualmente presenta a zona da Barca.

b) Que estude a construción dunha pasarela peonil-ciclista sobre as pilastras do antigo trazado ferroviario e un paseo ata as praias de Lourido, ou calquera outra opción factible con criterios de enxeñería.

5.- Dar traslado desta moción ao Concello de Poio e manifestar a disposición do Concello de Pontevedra a colaborar na solución dos problemas comúns a ambos municipios nun marco de lealdade e cooperación institucional.”

Aberto o debate o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra a don Antonio Louro Goyanes, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

O Sr. Louro Goyanes: Moitas gracias, señor Alcalde.

Este asunto que traemos a Pleno hoxe foi motivo de un amplo debate e unha ampla mobilización cidadá que é a que inspira a moción que presentamos que deriva dunhas obras que se están realizando na marxe dereita da ría de Pontevedra e que supuxeron cortes de tráfico para poder levalas adiante. É obvio e por todos coñecidos que a ponte de A Barca é unha infraestrutura de grande importancia para canalizar o tráfico entre Pontevedra e Poio e entre Pontevedra e os distintos municipios da ría, como é o caso de Sanxenxo, e que a realización destas obras tivo consecuencias sobre o tráfico porque houbo que, ao longo dalgunhas semanas, cortar o que son os fluxos de tráfico a través de A Barca.

Ao longo das semanas nas que transcorreron as obras sucederon moitas cousas e creo que se creou un clima de alta preocupación, fundamentada, e ao mesmo tempo un clima de certa confusión e nós entendíamos que había que romper con ese clima; mesmamente houbo manifestacións onde algúns dos grupos que se sentan nesta corporación puxéronse ao fronte desas manifestacións, ata houbo cortes de tráfico, desobediencias as policía municipais, pero creo que todo iso é pasado e o pasado ten que valer para resolver os problemas que temos enriba da mesa e para resolver os problemas de futuro.

Nós entendíamos naquel momento que había que restablecer o dobre sentido de circulación entre Pontevedra e Poio, esa era unha cuestión central. Segunda cuestión, que había que realizar os estudos necesarios en materia de tráfico no ámbito da ponte de A Barca e nas rúas que concorren no mesmo. A terceira cuestión era decidir en base ao estudado, carecía de sentido decidir sen ter uns estudos actualizados. Por último, había un cuarto punto que era unha proposta, unha proposta para someter a consideración da administración competente de estudar a viabilidade dunha pasarela por enriba das pilastras do antigo ferrocarril e, ao mesmo tempo que se estudara tamén que entre a ponte de A Barca e Lourido puidera haber un paseo peonil e de ciclistas.

Felizmente chegamos a un acordo co BNG que pretende centrar o debate, compartir actuacións e impulsar o diálogo institucional e cidadán e, neste sentido, o acordo recolle cinco puntos. O primeiro punto é valorar positivamente a decisión adoptada de apertura ao tráfico da ponte da Barca e da P0-308, unha vez rematadas as obras que a empresa pública Acuaes estaba a realizar; o segundo punto fala xustamente dos estudos: realizar por parte do Concello os estudos de tráfico complementarios ao efectuado no 2011 que permitan, e isto, señor Moreira, creo que é moi importante para vostede, que permitan calibrar e xustificar calquera eventual medida sobre o tráfico e a calidade urbana nas rúas próximas á ponte da Barca, polo tanto o que se

recollía na proposta inicial se recolle neste punto creo que dun xeito meridiano; terceiro punto: comprometer a colaboración do Concello de Pontevedra coa Deputación, é unha aportación nova, para remover as dificultades que existen á mobilidade peonil entre a ponte das Correntes e a zona inmediata ao cuartel da Garda Civil, é unha iniciativa da Deputación que a nós parécenos ben e que, polo tanto, como estamos falando de tráfico nunha zona da cidade, pois incorporar esta iniciativa da Deputación que eu valoro positivamente; o punto catro é dirixirse á Xunta de Galicia, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, como institución titular da ponte e abrir un diálogo institucional para: a) que nun prazo non superior a tres meses, é dicir, a ponte é competencia da Xunta de Galicia e ten dificultades de tráfico, dificultades de seguridade vial, polo tanto no pode permanecer moito máis tempo sen que a administración competente tome medidas e que as propoña, porque entendemos que son varios concellos, son varias institucións as que teñen que ver á hora de dar solucións aí, e un apartado b) que estude a construción dunha pasarela peonil-ciclista sobre as pilastras do antigo trazado ferroviario e un paseo ata as praias de Lourido, ou calquera outra opción, que poda ser suxerida, factible con criterios de enxeñería; por último: dar traslado desta moción ao Concello de Poio e manifestar a disposición do Concello de Pontevedra a colaborar na solución dos problemas comúns a ambos municipios nun marco de lealdade e cooperación institucional.

Estes cinco puntos creo que recollen o sentir e a preocupación de todo o que ten sucedido nas últimas semanas no tráfico de A Barca, está restablecido, felizmente, e o Concello de Pontevedra o que ten é que elaborar os estudos e os informes complementarios para que todas as medidas que se podan ir tomando no futuro respondan a iso e que todos sepamos, dunha maneira máis meridiana, por onde teñen que ir e por onde van as cousas.

Quero terminar a miña intervención pedíndolle ao PP que se poña en positivo, que é o momento de facelo, creo que ademais hai razóns para facelo porque sumando todos os votos seremos capaces de falar mellor coas outras administracións, seremos capaces de influír máis sobre as outras administracións e que os problemas que temos se podan ir resolvendo coa cooperación e a colaboración de todos.

Nada máis e moitas gracias, señor Alcalde.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Louro.

Ten a palabra don Jacobo Moreira Ferro, en representación do grupo municipal do Partido Popular.

O Sr. Moreira Ferro: Moitas gracias, señor Presidente. Moi bos días de novo.

Este é un asunto no que o Partido Popular xa, ata en dúas ocasións, trouxo este tema aquí a debate e, desgrazadamente, ninguén dos grupos do goberno quixo falar en positivo. Había un problema gordísimo, unha profunda inqueda social e malestar en moitas persoas, non só en veciños e condutores senón en comerciantes da rúa Echegaray e de Alfonso XIII e, dende logo, vostedes non pensaron en positivo en ningún momento neles. Polo tanto, creo que o que é positivo é que, cando xa esta aberta a ponte de A Barca se acorden deste problema pero os veciños contaban con vostedes naquel momento e vostedes non estiveron ao seu carón.

Hai que facer un pouco historial de todo o que pasou aquí. Todo isto empezou co peche dunha ponte unilateralmente por un concello, sen xustificación algunha e, dende logo, xerando un conflito incluso institucional entre administracións, posto que a titular da infraestrutura cuxo acceso se pechaba non tiña noticia diso nin se conta-



ba coa súa opinión á hora de tomar esa decisión. Unha decisión certamente cobarde, tamén, porque o Alcalde de Pontevedra utilizou á Policía Local como escudo e a fixo responsable desta medida cando a medida era claramente política e a intención premeditada, a de pechar a ponte, con outras intencións que algún día nos terán que explicar pero que, máis ou menos, se podían entrever en virtude das declaracións e os vaivens que un día si e outro tamén ía adoptando o Concelleiro de Infraestruturas.

Orixinouse un lío tremendo, innecesario e comezaron as protestas, houbo unha cadea humana convocada por este partido, posteriormente incluso o Concelleiro de Infraestruturas atacou aos comerciantes da rúa Echegaray e Alfonso XIII dicindo que estaban sendo manipulados polo grupo do Partido Popular, pareceume realmente indigno que un concelleiro fale desa maneira ante unha proposta cidadán aséptica e apolítica, posto que se estaban ventilando intereses persoais de moitos comerciantes que estaban sufrindo nas caixas dos seus negocios o baixón e, nalgún caso, sei persoamente, que algunha persoas tivo que despedir a algún dos empregados porque xa non había traballo, isto non o invento eu, pódeno comprobar vostedes. Fronte a todo iso, afortunadamente, días despois a este Concelleiro de Infraestruturas pecháronlle a boca cunha declaración na que dicían que eles non estaban manipulados por ninguén e que o que estaba en xogo eran os seus negocios que é do que eles viven, eles non teñen unha dedicación exclusiva no Concello de Pontevedra senón que viven deses negocios.

Por outra banda, as protestas que se sucederon represalias, aquí en Pontevedra xa está instaurado o sentir popular de que cando algún protesta algunha decisión do Alcalde Lores vai sufrir represalias e iso foi o que pasou cos veciños da rúa Echegaray; a represalia foi dicirlle que se ía restrinxir o acceso a rúa, que se ían poñer sinais de prohibido circular agás servizos, algún día alguén nos terá que explicar que significa iso, e dunha noite para outra apareceron pintadas en batería as prazas de estacionamento a un lado, díxose que iso fora consensuado cos comerciantes e logo nos enteramos de que non foi así, simplemente foron informados dunha decisión previamente tomada. Este é o talante deste goberno, non soporta que un veciño non estea de acordo cunha decisión e isto é o que ten que cambiar en Pontevedra.

O outro día nós recibiamos as nais do Colexio San José que tamén están sufrindo unha serie de consecuencias de decisións inexplicables que se toman un día cara a un lado e outra cara a outro e, de forma inexplicable, se afecta ao modo de vida dos cidadáns e o temor destas persoas son as represalias que poden vir por ter protestado contra unha decisión deste goberno.

Posteriormente o Concelleiro de Infraestruturas apelou a un estudo de fai dous anos, que nin sequera está aprobado pero que, en todo caso, en ningún caso ampara estes cambios que se fixeron nestas rúas. Nos preguntamos: non dixera que o corte era debido a unhas obras?, entón para que apela a un estudo de hai dous anos?, o lío foi morrocotudo, no que se meteron vostedes sos. Todo para darlle uso a ponte de As Correntes que foi un capricho que nos custou 7,2 millóns de euros, que a xente non utiliza na medida que se pensaba, nós xa advertimos disto, de que unha ponte sen conexión non tiña ningún sentido, pero feita a ponte vostedes foron conscientes de que non tiña o uso esperado. Dixeron que non tiñan feitos estudos de fluxos de tráfico da ponte, algo que ninguén se cre pero, curiosamente, cando obrigaron a xente a pasar por esa ponte aí si empezaron a medir os fluxos de tráfico, para xustificar que si tiña uso, non vai ter uso, se obrigan a ir a todo o mundo por aí ten que ter uso á forza.

Posteriormente se ampararon nun informe asinado por un policía local pero a realidade é que os atascos estaban aí, á vista, nós incluso gravamos un vídeo para que

todo o mundo puidese comprobar os atascos innecesarios que se estaban producindo por esta actitude caprichosa.

Nós temos que felicitar aos veciños porque, finalmente, conseguiron que se reabriera a ponte de A Barca porque, que ninguén se engane, cando vostedes a pecharon non tiñan pensado volver a abrila.

Lamento que nin o BNG nin o Partido Socialista estiveron onde se esperaba que tiñan que estar que era ao lado dos cidadáns. O lío foi tal que agora son vostedes o “hazmereir” porque ata circula un cachondeo co tema de que agora para pasar por Echegaray hai que comprar unha barra de pan, hai que pagar peaxe... argumentos para que se rían de vostedes, creo que de forma innecesaria porque iso o buscaron vostedes sos. Eu me pregunto, a un veciño que pase por aí e non vaia a ningún comercio, que simplemente queira cruzar por Echegaray e pola ponte de A Barca, qué lle van facer?, ou lle van obrigar a comprar algo nunha tenda porque senón non é un servizo?, é absurdo.

O Partido Socialista presenta unha moción, que foi modificada supoño que previa chamada a capítulo polo seu socio de goberno, non me esperaba outra cousa, sinceramente, pero, señor Louro, lle teño que dicir que esta moción está bastante descafeinada, eu non vexo aquí ningún reproche a todo o que se lle fixo aos cidadáns, non vexo ningunha asunción nin recoñecemento de responsabilidades, se un le esta moción parece que aquí non pasou nada, incluso chega a trasladar as responsabilidades sobre o futuro arreglo da ordenación a outras administracións, tampouco esperaba eu menos. En definitiva, moito ruído e poucas noces.

Nós botamos aquí en falta, en primeiro lugar, pedir perdón aos cidadáns, aos de Pontevedra e aos de outros concellos tamén, porque eu tiven a desagradable sorpresa de que recibín unha carta do Concello de Sanxenxo dirixida ao grupo municipal do Partido Popular na que nos trasladan un acordo adoptado para que se abra a ponte de A Barca, eu sinto vergoña porque non tiven por que recibir esta carta por culpa de vostedes, porque eu non acordei o peche da ponte de A Barca. Polo tanto pido, en primeiro lugar, que inclúan un perdón aos veciños, aos comerciantes, aos condutores e aos residentes noutros municipios veciños. A realidade, salvo dúas sinais que puxeron de restrición de circulación, todo está como estaba antes, ao final recuaron e puxeron eses sinais unicamente para lavarlle a cara ao señor Lores e ao señor Mosquera porque querían dar a entender que isto non era unha marcha atrás pero o é, unha marcha atrás en toda regra, como sempre queren deixar unha pegada de represalia deixan esas dúas amenazas, dúas sinais de prohibido circular agás servizos, según di o sinal, neses sinais tiña que poñer “pedimos perdón polo feito”. Teñan claro que ninguén vai a comprar o pan en Echegaray por complacer ao señor Mosquera, téñano claro.

En todo caso, se queren que nós apoiemos esta modificación descafeinada, poñen no primeiro punto: “valorar positivamente a decisión adoptada de apertura ao tráfico da ponte da Barca e da P0-308, unha vez rematadas as obras que a empresa pública Acuaes estaba a realizar”, non temos por que valorar positivamente nada porque se supón que si o corte era polas obras cando remata unha obra e se restablece a circulación non hai que valorar positivamente nada, simplemente hai que volver á normalidade.

Nós o que pedimos é que se restauren os sentidos de circulación nas mesmas condicións en que se atopaban antes do peche da ponte de A Barca, isto inclúe tamén a rúa Alfonso XIII, porque disto vostedes non falan pero esta rúa non está como estaba antes.

Por outra banda, no punto 2 sería conveniente incluír, porque o que vostede pon dei-



xa a porta aberta, señor Louro, habería que incluír que non se adoptará ningunha decisión na reordenación do tráfico sen estudos técnicos previos que a avalen e sen consensualo coas administracións afectadas e cos veciños.

Nós, polo nosa parte, se inclúen estas dúas modificacións estamos dispostos a apoiar esta mocións, polo contrario non estamos dispostos porque isto é pasar de puntillas por un problema que vostedes xeraron, non recoñecer os problemas e, dende logo, non dar satisfacción as demandas dos veciños que o que piden é que as cousas estean como estaban antes.

En todo caso, se algo se quere cambiar, que non sexa manu militari, como o están facendo, senón que sexa previos estudos técnicos e previo consenso con todos os veciños e con todas administracións.

Nada máis e moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Gracias, señor Moreira.

Sr. Louro, ten a palabra.

O Sr. Louro Goyanes: Moitas gracias, señor Alcalde.

Señor Moreira, quen debía pedir perdón é vostede e non vai ter coraxe nin vontade política de facelo, sabe por qué?, porque vostede viu neste conflito unha oportunidade para que o PP puidera gañar catro votos máis ou algunha simpatía que outra. Vostede intentou instrumentalizar isto, señor Moreira, notóuselle dende o primeiro momento, outros, dende o primeiro momento, tivemos actitudes máis sensatas e tratamos de levar o conflito ao campo da sensatez, e agora está no campos da sensatez, agora o está, por iso está moción detrás da que está o goberno municipal, o grupo socialista e, obviamente o grupo do BNG, só falta o grupo do Partido Popular.

Decía vostede que estiveron ao lado dos cidadáns, vostedes non estiveron ao lado dos cidadáns, porque nunca estiveron ao lado dos cidadáns, vostedes están con Mariano Rajoy que é un señor que fai todas as cousas que ten que facer e aí nós non podemos estar, non, non, xa sei.

Polo tanto, señor Moreira, dosifique ben o que vostede quere introducir nese texto, que mire para adiante, non vamos aquí agora a machacarnos a mañá introducindo e falando de reproches porque aí vostede tería unha auténtica canteira tamén que facer sobre vostede. Do que se trata é de que as cousas, no futuro, se cadra se fagan con máis diálogo, con menos improvisación e eu creo que iso é o que recolle esta moción, a vontade política de querer facer as cousas dunha determinada maneira.

Eu sei que a vostede lle pesa, porque se vostedes se puideran manifestar todas as semanas na ponte de A Barca e iso fora recollido nos medios de comunicación e vostede aparecera como un heroe, como o salvador do tráfico entre Pontevedra e Poio pois a vostede, probablemente, lle viría ben, pero non é o caso, señor Moreira, non é o caso. A empresa acabou as obras e xa se restituíu o tráfico en dobre sentido, porque algúns tiñamos certa preocupación, vostede, en particular, de que quedara nun só sentido, pois mire esa preocupación xa non a temos.

Calquera decisión que se vaia tomando en Pontevedra, en materia de tráfico, ten que ir soportada no que é o punto 2 deste acordo, realizar os informes e estudos e en función deles tomar decisións que permitan calibrar e xustificar calquera cambio. Polo tanto, señor Moreira, cambie de posición e, se o considera oportuno, pídalle perdón aos cidadáns por utilízalos nalgunha acción que non debía ter convocado nunca.

Nada máis e moitas gracias, señor Alcalde.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, señor Louro.

Ten a palabra don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

O Sr. Mosquera Lorenzo: Gracias, Sr. Alcalde.

Como vai dar lugar a malas interpretacións, antes saín, a enfermidade que teño é unha infección urinaria, polo tanto, as veces teño que saír en contra da miña vontade, o digo porque igual se interpretaba que antes, cando interviña o portavoz de PSOE igual era por outro motivo, nestes momentos teño un momentíño de baixón por iso non intervín e agardaba, incluso, non intervir.

Cando un se mete nun patacal sen saber moi ben se hai patacas debaixo, hai cebollas, allos ou sanguijuelas, en español, ou calquera outra cousa pois despois saír, as veces, é complicado.

Ser absolutamente pertinaz nunha versión falsa é como dicir: eu metínme aquí para pillar patacas e resulta que non había patacas pero é igual, sigue habendo patacas porque eu metínme para coller patacas, pero non hai patacas, e dálle coa pataca. Estamos ante unha actitude, a do Partido Popular e do seu portavoz, absolutamente reflexada no que se acaba de dicir.

A Xunta acordou, obrigou á empresa que está executando as obras de Acuaes a aplicar un operativo de tráfico, no seu momento, que consistía, exactamente, en cortar a 308 entre A Barca e Andurique e desviar todo o tráfico por A Caeira en dobre dirección, iso foi ao que, practicamente, lle obrigou. Era unha cousa tan asumida, tan estudada, tan razoada e con tantos informes técnicos que non foi avalada e tivo en contra a opinión da Policía Local de Poio, da DXT e da Policía Local de Pontevedra, ese é o soporte do todo o roio que se montaron vostedes con isto, este é o soporte. Claro, con este soporte, despois fixeron cousas, como irlle preguntar a algún que andaba por alí, cando remataban as obras e anunciar que o día 5 ou remataban ou senón ían pedir un pleno extraordinario que se viña abaixo o Concello de Pontevedra e a saber que demonios ía pasar, con ese soporte seguiron con esa liña e empezaron a inventar que si eran unhas represalias, que si uns inventos que, de verdade, de verdade, estúdeno para outra vez, porque creron que tiñan un chuletón e cando van meter o dente é oso e lle rompe o dente. Dan orde a todas as asociacións para que saian, as asociacións de veciños, e sorpresa!, nin unha asociación de veciños, nin de comerciantes, ningunha lles sae, a pesar de estar presididas por militantes seus, ningunha sae.

Os feitos son así e son tan así que incluso a Xunta lle volve a abrigar a empresa a que, cortado entre a A Barca e Andurique, abran Domingo Fontán. Á Policía Local de Poio non lle fixeron caso, á de Pontevedra nin lle consultaron pero a DXT díxolle que nin de broma, ata aí poderíamos chegar, xa fixeron unha gorda ao principio, que subsanamos entre Poio e Pontevedra poñendo dirección única en Pontevedra e restrinxindo un carril na Barca, lle arreglamos o desaguado que montara a Xunta e o segundo, como nós xa non tiñamos capacidade para frenalo frenoullo a DXT e non precisamente a instancia nosa senón por criterios profesionais. Iso foi o que sucedeu.

Unha vez feito iso vostedes se agarran á versión da Xunta e ao operativo da Xunta, o PP de Poio igual, e empezan con que a Caeira ten que estar como dixo a Xunta, con dobre dirección, e con que A Barca ten que estar como dixo a Xunta, en contra, digo, do criterio dos que xestionan o tráfico normalmente, porque claro, non vaia ser que o



departamento de Agustín Hernández, frontal inimigo de Pontevedra e do seu modelo urbano non vaia ter razón, ten razón sempre aínda que teña en contra administracións que goberna tamén o PP como é a DXT.

Díxose que era un operativo polas obras, e se se deixou a dúbida explico por qué se deixou a dúbida de que había pasar no futuro. Alguén non tiña claro o que estaba traballado e as decisións que se tomaran. Carta do Alcalde de Pontevedra ao Concelleiro do 8 de outubro, bastante antes do corte e despois de mil cartas, recados, entrevistas, conversas, etc., resumindo di que por parte deste Concello entendemos que a preferencia que lle da a Xunta, neste caso exclusividade, ao tráfico motorizado no entorno de A Barca en detrimento absoluto de outras formas de mobilidade aparece claro, a postura de a Xunta, nos seus escritos; sobre esta base de partida, que non é ideal entre administracións, o Concello de Pontevedra, dentro das súas competencias, seguirá adoptando as medidas que estean ao seu alcalde para mellorar tanto a seguranza viaria como a mobilidade peonil e ciclista. Se quere lle leo todo, xa estaba claro que o Concello de Pontevedra non ía cortar A Barca se non conta coa colaboración da Xunta porque quen ten que cortala é a Xunta, e tamén estaba claro e decidido que se ían adoptar medidas nese entorno, porque estaba funcionando francamente mal, estaba decidido, precipitouse por ese operativo. Polo tanto, improvisación cero, a houbo por parte da Xunta.

O que é milagroso é como se ven estas cousas segundo o cristal co que se mira. Grava vostede un vídeo sobre os atascos, mire, gustaríame velo onte que gravara algún deses porque houbo moito máis follón que houbo nunca nos días que estivo pechado A Barca, moito máis, poderíamos nós oportunamente argumentar que hai moito máis atasco agora que cando estivo pechada A Barca pero non o facemos, porque sabemos que é por dous motivos que non teñen que ver con esa medida, que chovía moitísimo e a xente usa o coche máis e de peor forma cando chove e por algúns problemas con obras. Houbo un día, un día, cando estivo cortada a saída cara á Barca, un día que houbo problemas e usaron oportunamente.

O que raia xa na paranoia é tratar Echegaray como se tratou Cobián Rofignac, por certo que os comerciantes dicían que un tratamento como o de Cobián Rofignac lles servía pero nestes momentos non hai cartos, como se tratou Rosalía de Castro, etc., entón é que represaliamos a toda esta cidade, é terrible, é tremendo, de verdade, é absoluta paranoia. Estanse adoptando medidas de calidade, e dicir que represaliamos, se os que ensaian alí onde era o antigo conservatorio dicían que nin podían ensaiar cos pitidos dos atascos, entón represariámoslos deixándolles ensaiar sen atascos e sen pitidos, de verdade, hai que ter un pouquiño de coidado co que se di.

Se quere falamos tamén do Colexio San Xosé, resulta que a dirección do colexio e os profesores que son uns benditos están dispostos a asumir responsabilidades e o están facendo ir a calquera punto que se lle poña a recoller aos nenos e levalos ata o colexio, coa responsabilidade que supón, pero hai un sector de pais que non lles serve, que teñen que levalos eles e aparcar, algúns tomar o café ou facer outras cousas e despois marchar e eses son os que teñen razón, non teñen razón nin a dirección do centro nin a parte dos pais que están cumprindo e cumpriron sempre coas medidas que se adoptaron e que se acordaron con eles no seu momento, os infractores son os que teñen a razón e os que están tocándolle as narices a todos os restantes. Iso leva así dende o ano 1999, curiosamente hai outro colexio alí ao lado que ten nenos mías pequenos e non ten ese problema. Que os infractores o use a vostede como grande adalide para defender a súa capacidade de infracción e fantástico, igual que a grande argumentación de que é un castigo poñer batería e servizos en Echegaray, ou sexa que os que usaban dobre fila e perfectamente, por certo, non

usaban gorrillas que xa ordenaban entre eles, os que infrunxían sistemáticamente é o gran problema de Echegaray porque qué outro hai?, non poden circular?, si, non poden aparcar?, si, entón qué problema hai?, foi unha represalia porque se eliminou a dobre fila, outra vez poñéndose á cabeza dos infractores.

Xa llo dixen no pleno pasado, señor Moreira, por aí vai mal, porque unha cousa é que a xente se queixe e outra cousa é que non sexa razoable e diga, mire, de infractor non vou a ningún lado. Na rúa Echegaray a Policía Local de Pontevedra pon unhas 40 multas diarias, corenta, non 100, nin 400, nin 2000, se na rúa Echegaray quixeramos recadar, antes, poñía 400 cada día tan ricamente, sen maior problema, e vostede dálle co afán racadatorio, ao contrario, non queremos poñer unha multa por iso poñemos ese orde, para que non haxa infraccións, e iso é unha represalia?, mire ben o que diga.

Eu creo, señor Alcalde, que isto está máis que debatido, pola miña parte, senón teño que arrancar outra vez e igual me alargo outra vez.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, señor Mosquera.

Sr. Moreira, ten a palabra.

O Sr. Moreira: Gracias, señor Presidente.

Señor Louro, yo no hice ninguna instrumentalización de nada, ni quisiera instrumentalizar haría como hacen otros partidos políticos, montar una plataforma, dar una subvención y que la plataforma convoque la manifestación, yo no me he escondido nunca, el Partido Popular ha sido el que convocó la concentración, no nos ocultamos, ya sé que ustedes tienen otra forma de hacer las cosas pero no es nuestro estilo, nosotros damos la cara.

Usted sabía perfectamente que nosotros íbamos a pedir un pleno extraordinario para tratar esto, yo mismo se lo dije, y usted sabe que a raíz de la otra moción yo hablé con usted y le dije que se la iba a apoyar y su miedo fue que, claro, como se la iba a apoyar el PP le generaba un problema con su socio de gobierno pero es un problema que tiene usted y si ha cambiado una cosa por la otra, si ha dado gato por liebre es su problema, no el nuestro. Esto que trae usted aquí hoy es muy descafeinado, no tiene nada que ver con lo que planteó inicialmente. Entiendo que usted tiene una deuda con estos señores y tienen que tragar con lo que le piden pero yo no, yo a este señor no le debo nada y si usted se lo debe es su problema, si usted pone su pacto de gobierno por encima de los intereses de los ciudadanos es su problema, yo no los pongo.

Me parece poco elegante porque usted lo que consiguió frenar fue la reactivación de un pleno extraordinario y consiguió frenar que nosotros presentáramos una moción porque nosotros buscamos el consenso y esta, a pesar de que no éramos los promotores, nos parecía una moción que se podía apoyar, ya ve que no buscamos instrumentalizar, es decir, las mieles de este tema se las iba a llevar usted que fue el que presentó la moción. No hizo usted lo mismo con nosotros cuando presentamos dos mociones muy necesarias y no las votó a favor, las voto incluso en contra, ni siquiera se abstuvo, votó en contra.

Sr. Mosquera, usted tiene que pedir perdón, no pasa nada, cuando uno se equivoca pide perdón y ya está. Cuando usted y el señor Alcalde cerraron el puente no tenían pensado volver a abrirlo, diga la verdad, no lo tenían pensado, lo tenían tramado perfectamente pero buscaron la excusa perfecta para cerrar el puente, que eran unas obras.



Usted dijo que los comerciantes de Echegaray que tuvieron la valentía de manifestarse, porque no es fácil manifestarse contra ustedes, usted dijo que estaban manipulados por el PP, lo dijo o no lo dijo?, les pidió disculpas a estos señores cuando dijeron que ellos no estaban manipulados por nadie?, no, pues ya tiene dos cosas, por lo menos, por las que pedir disculpas.

Usted y el señor Alcalde pusieron dos señales para lavarle la cara a usted, para justificar de alguna manera que algo había cambiado, esas señales son otra amenaza que tienen ahí pendiente encima de sus cabezas los comerciantes de Echegaray porque saben que cuando a usted les dé la gana aplican a raja tabla esa señal, es una amenaza. Quite esas señales, por favor, y si no quite la leyenda y ponga: “pido perdón por lo que hice”, eso es lo que esperan los ciudadanos.

Les hace gracia pero a los comerciantes ninguna, porque la campaña de navidad, cuando se abrió el puente la semana pasada, ya estaba prácticamente mediada. El problema no es la doble fila porque mientras estuvo cerrado el puente había doble fila igual pero los comerciantes no vendían lo mismo y, en todo caso, si hay doble fila es porque ustedes la consentían, por lo tanto, no se escuden en otros problemas porque la responsabilidad, en todo caso, es suya.

El otro día, que usted habla de ese atasco, ese atasco se produjo porque se cortó la calle por otras obras que hace la otra parte del gobierno, pero es que ustedes ni se hablan para eso, que cada uno hace sus obras y nos planifican conjuntamente. Se dan cuenta de que, al final, los bipartitos perjudican a los ciudadanos?, el colmo es que ni hablen entre ustedes y más colmo todavía es que no hablen incluso dentro de un mismo grupo municipal, eso ya es el colmo, no lo entiende nada, pero es que está ocurriendo y todo el mundo lo sabe.

Sr. Mosquera, usted metió la patita, quiere tráfico para su puente porque a la gente no le lleva el cuerpo a ese puente, a veces, que le vamos a hacer, y usted quiere obligarlos para justificar ese capricho de ese puente, que fue un capricho, Sr. Mosquera, nos ha costado muy caro, más de 7 millones de euros, pero fue un capricho y ahora al jugueteo hay que darle uso y contentar al Sr. Mosquera.

Insisto, nuestro pacto está encima de la mesa, nos parece bien el texto de la moción siempre y cuando añadan que las cosas, mientras no se adopten estudios de tráfico serios, como usted dice muy bien en su exposición de motivos, Sr. Louro, serios, y se consensue cualquier cambio que todo vuelva al estado anterior al que estaba antes del cierre del puente y me refiero, particularmente, a quitar esas dos señales que tienen ahí para lavarle la cara al Sr. Mosquera y a la calle Alfonso XIII, vuelvan a dejar todo como estaba. Si ponen eso nosotros apoyamos la moción.

Nada más y muchas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Sr. Louro, ten a palabra.

O Sr. Louro: Gracias, señor Alcalde.

En relación, señor Moreira, a instrumentalización que vostede intentou facer, non sei se o conseguiu, agora, tivo un especial protagonismo, dígolle unha cousa, a moitos comerciante e veciños da rúa Echegaray molestoulles moito que vostede fora alí, en plan carroñero, a ver si facendo un quiebro podía deixar fora de xogo a alguén e gañar non se sabe qué.

Este grupo, o grupo municipal socialista forma parte do goberno de Pontevedra, e sépao para sempre, para sempre, en canto sexamos goberno de Pontevedra sere-

mos leais con ese goberno, como o estamos sendo e o fomos sempre, seremos leais con voz propia, sépao sempre, sempre que fale comigo, en público e en privado, sepa que o comportamento deste portavoz é ese e non é outro. Mañá poderemos deixar o goberno e ter unha actitude diferente.

Na vida non se pode facer unha cousa e a contraria ao mesmo tempo e vostede parece que o intenta, parece que intenta facer unha cousa e a contraria e cre que con iso vai enganando a alguén, dígolle unha cousa, non engana a ninguén. Reitérolle a lealdade ao goberno e dígolle e reitérolle, porque non están escoitando todos, que este grupo actúa sen ningún tipo de complexo e vostede sábeo ben.

Coincidimos, non acordamos nunca nada, nin vostede nin eu, non acordamos nada, nunca tivemos un acordo, agora, tivemos algunha coincidencia, tal e o caso dunha moción súa en relación co plan de urbanismo e este grupo respondeu ao que tiña acordado e pactado cos cidadáns, e aí coincidimos con vostedes, e podemos coincidir noutras cuestións, pero saiba que calquera coincidencia vai ser sempre dende unha posición de lealdade.

A moción que presentamos se a le calquera, nin vostede nin eu, que a lea calquera e darase conta de que os puntos todos que colle a moción inicial están recollidos nesta moción. O primeiro punto non ten dúbida e ademáis xa forma parte do pasado, pero o segundo punto que vamos aprobar aquí di: “realizar informes e estudos de tráfico complementarios ao efectuado no 2011 que permitan calibrar e xustificar calquera eventual medida sobre o tráfico e a calidade urbana nas rúas próximas á ponte da Barca”, e vostede quere que eu cambie isto, que coincide plenamente co anterior, quere vostede escenificar que con un regate pequeno vostede gana algo aquí?, pois mire, como o texto coincide e a vontade do texto é a mesma, Sr. Moreira, comprenderá que non lle podo aceptar iso.

Polo tanto, eu invíto a sumar, a sumar hoxe aquí e a facer útil o Partido Popular en Pontevedra porque levamos dous anos e medio de goberno e todavía non lle vin unha soa contribución en positivo. Quero dicirlle unha cousa, eu estiven sentado nesta Corporación, cando estaba o señor Martín no seu sito, e fomos capaces de chegar a algún entendimento neste tipo de debates, porque o sentido común as veces ocupa todo o espazo que ten que ocupar, no seu caso lamento profundamente que o sentido común estea na ausencia.

Nada máis e moitas gracias, señor Alcalde.

Rematado o debate, sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, votando a favor 14 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do BNG e os 3 concelleiros do PSdeG-PSOE) e en contra 10 concelleiros (os 10 concelleiros presentes do grupo municipal do Partido Popular), polo que o Pleno do Concello, por maioría, acorda aprobar a moción anteriormente transcrita.

C) MOCIÓN URXENTES.

D) CONTROL E SEGUIMENTO DO GOBERNO LOCAL.

7.- COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓN E DECRETOS.

O Pleno do Concello toma coñecemento dos decretos ditados pola Alcaldía e resolucións ditadas polos Concelleiros de Goberno e polos órganos directivos durante o mes de novembro de 2013.

8.- PREGUNTAS.



Non se formularon preguntas.

9.- ROGOS.

A) ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, D. RICARDO AGUILAR ARGENTI, SOBRE A CONVOCATORIA DA COMISIÓN PERMANENTE DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO, INFRAESTRUTURAS, OBRAS E SERVIZOS.

O Sr. Aguilar Argenti: Muchas gracias, señor Alcalde.

El grupo municipal quiere hacer un ruego a usted en relación a algo que ya se ha tratado, esta creo que es la tercera ocasión, que es la puesta en marcha y funcionamiento de la Comisión de Medio Ambiente e Infraestructuras de este ayuntamiento que, por dejadez o por falta de querer cumplir con el mandato plenario de este ayuntamiento de que en el mes de mayo próximo esté en condiciones de presentarse el plan general a aprobación inicial, tenemos desconocimiento de ello, lo hemos solicitado varias veces, que se convoque esta comisión para tratarlo. Tenemos otros asuntos, como el desdoblamiento de la avenida de Vigo, los jardines de plaza de España, Pasarón, etc, entonces, como esto no se está cumpliendo, rogarle a usted, señor Alcalde que ponga orden y que esta comisión funcione adecuadamente.

Muchas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Aguilar, tomo nota do seu rogo.

A continuación Sr. Alcalde-Presidente desexa boas festas a todos os presentes e dá por finalizada a sesión, sendo ás 13:56 horas, de todo o que eu, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.

Visto e praxe

O Alcalde,

O Secretario Xeral do Pleno,

Miguel Anxo Fernández Lores.

José Luis Mato Rodríguez.